

**SÉCULO XIX (2º DE BACHARELATO. CURSO 2024-25)**

**11- A CRISE DA MONARQUÍA ABSOLUTA (ABDICACIÓN, OCUPACIÓN NAPOLEÓNICA).**

**12- AS CORTES DE CÁDIZ E A CONSTITUCIÓN DE 1812.**

**13- A RESTAURACIÓN DE FERNANDO VII E DO ABSOLUTISMO: AS ETAPAS DO REINADO.**

**14- A CONSTRUCIÓN DO ESTADO LIBERAL (PRINCIPIOS DO LIBERALISMO E DIFERENZAS ENTRE AS DISTINTAS FAMILIAS POLÍTICAS).**

**15- A REVOLUCIÓN GLORIOSA E A CONSTITUCIÓN DE 1869.**

**16- PRIMEIRA REPÚBLICA (PROXECTO DE CONSTITUCIÓN FEDERAL E CANTONALISMO).**

**17- A RESTAURACIÓN.**

**18- A CUESTIÓN NACIONAL NO SÉCULO XIX.**

**25- A REFORMA AGRARIA LIBERAL: AS DESAMORTIZACIÓNS.**

**26- OS PRINCIPAIS SECTORES INDUSTRIAIS E O PAPEL DO FERROCARRIL.**

**27- O MOVEMENTO OBREIRO (SEXENIO DEMOCRÁTICO E RESTAURACIÓN).**

**28. A EVOLUCIÓN DA SOCIEDADE NO SÉCULO XIX (CON ESPECIAL ATENCIÓN Á SITUACIÓN DA MULLER).**

## INTRODUCCIÓN S.XIX CRISE DA MONARQUÍA ABSOLUTA

*Entre 1808 e 1833 España viviu un longo proceso histórico caracterizado polo enfrentamento entre dous modelos políticos e ideolóxicos ben diferenciados: o absolutismo e o liberalismo.*

*A influencia da revolución francesa de 1789 e a invasión napoleónica de 1808 marcan o inicio da revolución liberal española que tivo a súa máxima expresión no labor das Cortes de Cádiz e na Constitución de 1812.*

*Nos primeiros anos do século XIX a monarquía de Carlos IV encontrábase moi desprestixiada. As razóns desa perda de apoios residía nunha crise do sistema de goberno, do que as figuras máis destacadas eran o rei e o valido Manuel Godoy, militar de orixe fidalgo que desde 1802 acumulara un gran poder. Isto levantou unha forte oposición, que se materializou nun anhelos de rexeneración e cambio no estilo de gobernar, ben nun sentido conservador, ben noutro avanzado de signo liberal.*

*Outro motivo de descontento era a subordinación da política exterior española ás necesidades da Francia de Napoleón. Unha das consecuencias máis graves desta submisión foi a derrota franco-española en Trafalgar contra a armada inglesa, que supuxo a destrución de gran parte da armada española. As continuas guerras con Francia e o Reino Unido xeraron unha crise económica e da facenda real que Godoy intentou solucionar con unha primeira desamortización\*, o que enfrentou a Igrexa co valido e acrecentou a súa impopularidade.*

*Esta política errática e confusa favoreceu á oposición crescente dun partido chamado "partido antigodoyista". Este grupo, tamén chamado aristocrático ou fernandino, estaba integrado por nobres e clérigos favorables ao príncipe Fernando, fillo de Carlos IV.*



\*Desamortización: proceso polo que as terras da Igrexa ou dos morgados nobiliarios que ata entón non podían venderse nin dividirse, pasan a estar no mercado libre

**LIBERALISMO** é unha corrente de pensamento que defende un novo concepto de poder e da sociedade baseado na liberdade, igualdade xurídica, limitación da autoridade e participación política dos cidadáns fronte ao absolutismo e aos privilexos do Antigo Réxime. En síntese defende:

Principios políticos:

- Dereitos e liberdades individuais que o Estado debe protexer.
- Igualdade ante a lei.
- Limitación do poder político.
- Soberanía da nación como forma da limitación do poder.
- División tripartita do poder: executivo, lexislativo, xudicial, e a seu exercicio por institucións diferentes (Goberno, Cortes e Tribunais).
- Participación dos cidadáns no sistema político.
- Unha Constitución onde se recollan os principios políticos.
- Leis escritas e organizadas en códigos.
- Institucións representativas da vontade dos cidadáns (Parlamento ou Cortes) formadas por membros escollidos mediante procesos electorais.

Principios económicos:

- Respecto á propiedade privada individual considerada como un valor absoluto e a base de toda sociedade.
- Liberdade económica e de empresa baseada na libre iniciativa individual sen intervención do Estado nos asuntos económicos.
- Libre xogo da oferta e a demanda ( a lei do mercado) como mecanismo xerador da riqueza e regulador de todas as actividades económicas (producións, prezos, salarios...).

O liberalismo foi a expresión ideolóxica dos intereses da burguesía, convertida no s. XIX no grupo hexemónico da sociedade.

## 11- A CRISE DA MONARQUÍA ABSOLUTA (ABDICACIÓNS, OCUPACIÓN NAPOLEÓNICA).

A negativa de Portugal a aceptar o bloqueio continental decretado por Napoleón contra Inglaterra, levou a o emperador francés a planificar a súa conquista contando co apoio de España. O goberno español, dirixido por Godoy, secretario de Estado de Carlos IV, autorizou o paso das tropas francesas acordando tamén o mutuo reparto de Portugal e as súas colonias e a creación dun reino dos Algarves para Godoy (Tratado de Fontainebleau, 1807).

A acumulación crecente de poderes e títulos por Godoy, e a súa influencia sobre os reis, xerou un forte resentemento no seu fillo Fernando, príncipe de Asturias. Temeroso do seu futuro, foi creando un grupo opositor na corte formado sobre todo por aristócratas. Ante a posibilidade de que Godoy fose rei, intenta derrocar ao seu pai (**Conxura do Escorial**), pero é descuberto e abortado. Fernando



denuncia a todos os seus colaboradores e pide perdón aos seus pais.

A entrada das tropas francesas en 1808 causa un forte malestar entre a poboación. Godoy, que sospeita dunha posible xogada de Napoleón para facerse co dominio de España, propón a Carlos IV e a súa familia a retirada cara América. A familia real trasládase a Aranjuez para, en caso de necesidade, continuar camiño a Sevilla, de onde partir .

Neste contexto ten lugar o **motín de Aranjuez**. Seguidores de Fernando, asaltan o pazo real e obrigan a Carlos IV a abdicar en Fernando, que será recoñecido como Fernando VII. Temeroso das futuras consecuencias, Carlos IV pide axuda a Napoleón.

Napoleón entende a crise política e a decadencia da monarquía española. Coa excusa de actuar de mediador nas disputas familiares dos Borbóns, reúne en Baiona (Francia) a Carlos IV e Fernando VII. Alí, ten lugar o suceso chamado as **abdicacións de Baiona**: Fernando VII é obrigado a devolver a coroa a Carlos IV, quen a continuación cede os dereitos da coroa a Napoleón. Tanto Carlos IV como Fernando VII son recompensados con posesións, rendas e privilexios en Francia. Napoleón, pola súa parte, nomea rei ao seu irmán, José Bonaparte.

Para dar lexitimidade a esta manobra política, Napoleón convoca en Baiona una Asemblea ou xunta *de* deputados españois, con representantes dos tres estamentos. Nesta xunta de deputados, xuran fidelidade ao novo rei, e apróbase a **Constitución de Baiona (1808)**. Aínda que foi chamada así non foi propiamente unha Constitución, senón unha Carta Outorgada na que Xosé I se autolimitaba no exercicio dos seus poderes.

(A diferenza é que unha Constitución é obra dunha asemblea constituínte, mentres que unha Carta Outorgada é obra do xefe de Estado: non existe soberanía popular, é unha pseudoconstitución).

Esta Constitución de Baiona mestura trazos tradicionais do A. Réxime con outros máis novidosos das ideas liberais. A monarquía segue sendo o centro de todo o sistema aínda que recolle una certa separación de poderes coa creación dun Senado (vixía as liberdades básicas), un Consello de Estado de carácter consultivo e unas Cortes divididas nos tres estamentos tradicionais, con competencias fiscais. Tamén quedaba garantida a relixión católica como oficial, a supresión de certos privilexios e a defensa de certas liberdades individuais.

José I intentará gobernar España con ánimo de cambio e renovación, introducindo as ideas liberais francesas. Pero sufrirá o desprezo das masas populares que o satirizarán con numerosos alcumes (*Rei Pepino, Rei de naipes, Rei Tuerto, Rei de Copas, Pepe Botella ou Pepe Plazuelas*). Entre as súas reformas destacarán as que pretenden liberalizar a economía, como a eliminación das aduanas interiores, a supresión dos dereitos señoriais, ou a creación de escolas. A nivel administrativo tentou a centralización e racionalización da administración segundo o modelo francés, con 38 distritos ou departamentos.

Estas medidas tiveron unha escasa eficiencia práctica: a guerra de Independencia e á oposición ao goberno de José I non o permiten. Nas súas tarefas de goberno, o rei estivo apoiado por un reducido número de españois, os **afrancesados**, convencidos de que o reformismo autoritario era o único medio para lograr a renovación e o cambio en España. A derrota final dos franceses provocou a saída de España de Xosé I e o exilio dos afrancesados. A finais de 1813 Napoleón devolveu a coroa española a Fernando VII (Tratado de Valençay).

### Guerra contra Napoleón

O traslado da familia real a Francia provoca o levantamento do pobo de Madrid. O 2 de maio de 1808 os madrileños amotínanse contra os franceses. A represión sanguenta fai que se estenda a sublevación por toda España. Ante a escaseza de tropas, a loita e defensa do territorio foi asumida polas masas

populares. En xeral predomina a defensa da tradición, a relixión e os dereitos de Fernando VII fronte ao liberalismo que traen os franceses.



A superioridade francesa a nivel militar era moi evidente. Os españois adoptan a **guerra de guerrillas** para se defender (formación de pequenas partidas de homes que, coñecedores do terreo e contando coa axuda da poboación, atacaban as tropas francesas en acción limitadas). Destacan héroes como Espoz Mina, O Empecinado, o cura Merino. Os españois contan coa axuda dos ingleses para expulsaren aos franceses.

Podemos dividir a guerra en tres fases:

- 1ª fase (maio-novembro 1808). Intento de ocupación francesa e levantamento popular. A intención de Napoleón era ocupar rapidamente o país pero fracasa.
- 2ª fase (novembro 1808- xaneiro 1812). Claro dominio francés grazas ao grande exército dirixido por Napoleón. As cidades capitulan e as tropas inglesas son acorraladas en A Coruña, onde embarcan cara as illas (Batalla de Elviña). Só Cádiz e Lisboa resisten fronte ao dominio francés. Galicia será o primeiro territorio liberado en 1809. Destaca a reconquista de Vigo ou a batalla de Ponte Sampaio (1809).
- 3ª fase (xaneiro 1812-abril de 1814). O imperio napoleónico en Europa ten unha fronte importante que atender: a fronte rusa. Deste xeito, parte das tropas de España diríxense a Rusia. As tropas anglo-españolas, dirixidas por Wellington, conseguen a **vitoria de Arapiles**. Os franceses vense obrigados a abandonar o sur da Península. Durante 1813, os franceses van perdendo territorio. Tras a batalla de Vitoria (xuño 1813), son expulsados de España. Só Cataluña continuará pertencendo a Francia ata mayo de 1814.

O baleiro de poder ante as abdicacións de Baiona provoca que as élites dominantes, co apoio do pobo, creen unha nova institución de goberno- as xuntas-, que loitan contra o invasor francés ao tempo que queren reformar o vixente sistema de goberno pois fundamentan o seu poder na vontade popular e na defensa do país. En cada poboación xurde unha xunta local, que estarán baixo a autoridade das xuntas supremas provinciais. Para maior coordinación as xuntas provinciais forman a **Xunta Suprema Central Governativa de España e Indias**, que exerce o goberno de España dende setembro de 1808. A partir de 1810 será substituída polo **Supremo Consello da Rexencia**.

En Galicia créase a **Xunta Suprema do Reino**, da que forman parte o Capitán Xeneral e representantes das sete cidades cabeza das tradicionais provincias galegas.

## 12- AS CORTES DE CÁDIZ E A CONSTITUCIÓN DE 1812.

Durante a guerra, entre as elites dirixentes foise estendendo a idea da necesidade de convocar unas Cortes xerais e extraordinarias para coñecer a vontade do país e impoñer as reformas que fosen necesarias, aínda que existían discrepancias sobre as medidas a tomar. Para uns, a maioría dos nobles e eclesiásticos, tratábase de restablecer o sistema político tradicional (monarquía absoluta e cortes estamentais). Para outros, os partidarios do liberalismo, era necesario realizar grandes cambios, restrinxir o poder real e establecer una Constitución baseada na soberanía da nación e na separación de poderes.

A Xunta Central convoca Cortes en Cádiz, en 1810, por ser fácil de defender e estar libre da ocupación francesa. A composición social dos seus membros será moi heteroxénea predominando as clases medias urbanas instruídas. A Constitución de 1812 foi coñecida popularmente como A Pepa, ao coincidir a data da súa proclamación co día de S. Xosé (19 de marzo). Os puntos principais do texto constitucional foron:

- **Soberanía da nación.** O pobo é posuidor do poder, que delega nos representantes políticos elixidos por sufraxio universal masculino indirecto (para deputados, alcaldes,...). Todos os homes maiores de 25 anos elixen a uns compromisarios que á súa vez elixen aos deputados.
- Monarquía limitada pola Constitución.
- Separación de poderes: Poder executivo, o rei; Poder lexislativo compartido por unhas Cortes unicamerais e o rei que ten dereito de veto; Poder xudicial: creación do Tribunal Supremo de Xustiza, reforma das Audiencias e creacións dos partidos xudiciais.
- Defensa dos **dereitos e liberdades**. Espallados ao longo de toda a Constitución. Destacan a liberdade de opinión e imprenta, igualdade ante a lei e ante as cargas do Estado sexan fiscais (pago proporcional á riqueza) ou militares (servizo militar obrigatorio); recoñecemento da propiedade privada como un dereito básico. Para asegurar a orde pública se crean as Milicias Nacionais.
- **Unitarismo e centralismo político.** Imponse unha única lexislación que elimina os particularismos dos antigos reinos e privilexios forais. De todos modos, os foros vascos e navarros non se abolen explicitamente.
- **Catolicismo de Estado.** España será católica, sendo a única relixión autorizada.

- Abolición dos señoríos xurisdiccionais e dos privilexios de orixe feudal. A xustiza, antes en mans da nobreza e a Igrexa, pasa ao Estado. Porén, o decreto distingue entre señoríos xurisdiccionais (que quedan anulados) e señoríos territoriais (que se recoñecen como propiedade privada).

En síntese trátase dunha Constitución revolucionaria, por canto alteraba as bases políticas e sociais abolindo o absolutismo monárquico e impoñendo a soberanía dos cidadáns. Porén facía concesión ao tradicionalismo na intolerancia relixiosa, impoñendo o catolicismo de Estado, e coa ausencia dunha declaración de dereitos ordenada e sistemática.



### 13- A RESTAURACIÓN DE FERNANDO VII E DO ABSOLUTISMO: AS ETAPAS DO REINADO.

Tras a derrota francesa Fernando VII regresa a España. Reinará dende 1814 a 1833, e durante todo este tempo comportarase como un rei absolutista e vingativo contra os liberáis e o sistema político creado en Cádiz.

O seu reinado pasará polas seguintes etapas:

#### **O Sexenio Absolutista (1814-1820).**

O rei foi recibido con gran fervor popular. O Tratado de Valençay o 11 de decembro de 1813 devolvía o trono de España a Fernando VII e puña fin á guerra franco-española. O novo rei atravesou a fronteira dos Pirineos o 22 de marzo de 1814.



A situación política de España era moi diferente á que deixara seis anos atrás. O resto do seu reinado foi unha pugna entre os dous modelos políticos enfrontados no seu tempo, o absolutismo e o liberalismo. Os absolutistas ou **realistas** defendían a concentración de poderes na figura do rei, a soberanía real, o peso da tradición fronte ás novas ideas, a estrutura estamental e o resto das institucións económicas e xurídicas do Antigo Réxime (sistema gremial, propiedades amortizadas, réxime señorial, etc.). Os **liberáis** defendían a soberanía nacional, a monarquía limitada ou constitucional, a

división de poderes, e o desmantelamento do aparello económico e social do Antigo Réxime.

Deste xeito, os liberais defenden que o rei acate os decretos e a constitución de 1812, mentres que os absolutistas defenden que o rei debe recuperar a súa soberanía e anular as reformas. Así llo piden un grupo de deputados a través dun documento chamado o **Manifesto dos Persas**. Co apoio da Igrexa, nobreza e xefes militares, Fernando VII declara nulos os decretos e a constitución de 1812, restablecendo o Antigo Réxime mediante un decreto asinado en Valencia en 1814.

Esta volta ao absolutismo foi vista con bos ollos polo pobo, que identifica liberalismo coa agresión á relixión e aos costumes tradicionais. Ao mesmo tempo, a definitiva derrota de Napoleón en 1814 permitiu a restauración do absolutismo en case toda Europa.

As forzas liberáís, formadas por militares procedentes das guerrillas e a burguesía, eran minoritarias e foron perseguidos. Algúns marcharon ao exilio e outros crearon sociedades secretas de carácter masónico. Para obrigar ao rei a aceptar o sistema liberal recorreron á conspiración e ao **pronunciamento**, levantamento de parte do exército que se *pronuncia* a favor da substitución da monarquía absoluta por unha monarquía liberal baseado nos principios de Cádiz. Os sucesivos intentos fracasan e os seus organizadores son detidos e executados. Destaca o levantamento de Porlier en A Coruña, ou o de Espóz e Mina en Pamplona. Finalmente, en 1820 triunfará o pronunciamento de Riego.

*A maioría destes pronunciamentos liberais terminaron en fracaso (desorganización, falta de apoios e de respaldos populares, dura reacción dos absolutistas). De tódolos xeitos é interesante destacar o fenómeno dos pronunciamentos polo importante peso que terá este tipo de feitos no futuro político do noso país, xa que significa que o Exército se está a converter nun destacado protagonista nas decisións de goberno (tal como se demostraría co acontecido ó longo do século XIX e cos golpes de Estado de Primo de Rivera e de Franco no século XX).*

Con todo, a volta ao absolutismo non conseguiu sacar a España da gravísima situación na que se atopaba trala finalización da Guerra de Independencia (a economía destrozada e o proceso emancipador nas colonias americanas), fracasando ó intentar resolve-los problemas coas receitas do Antigo Réxime, o que provocou o malestar de diferentes sectores do país (militares das guerrillas, burguesía comercial, campesiñado).

### O Trienio Liberal (1820-23).

En 1820, as tropas preparadas en Cabezas de San Juan (Sevilla) para ir a combater os independentistas americanos, encabezadas por Rafael Riego, esixen o restablecemento da constitución de 1812. O pronunciamento triunfa primeiro en Coruña e pronto noutras cidades de Galicia e España. Ante o éxito dos pronunciamentos liberáis e sen apoios, Fernando VII viuse obrigado a aceptar a Constitución de Cádiz. Este triunfo liberal traspasa España, e outras nacións europeas imitan o proceso (Portugal, Rusia, Francia,...). É a vaga revolucionaria de 1820.



Os gobernos liberáis restablecen a lexislación aprobada polas cortes de Cádiz: Constitución, Cortes, eleccións por sufraxo universal indirecto, liberdade de imprenta, Milicia Nacional, abolición da Inquisición... Aprobando de paso novas medidas que afectaban á sociedade, á economía e á administración, correspondéndose a maioría delas ós intereses da burguesía liberal (afectaban á Igrexa católica, ó comercio e á industria, ó exército, ó sistema educativo, etc), co obxectivo principal de suprimir definitivamente o sistema de Antigo Réxime, en especial o réxime señorial (principal atranco da modernización económica da agricultura española).

Sen embargo, o triunfo liberal sería bastante **efímero** por distintas razóns: a oposición do propio rei (utilizando o veto constitucional, conspirando cos sectores máis absolutistas que se organizaron en guerrillas antiliberais e, sobre todo, pedindo á **Santa Alianza** que intervisse militarmente en España para restaurar o absolutismo), o descontento do campesiñado coa labor dos gobernos liberáis (aboliuse o réxime señorial pero seguía en pé o pago de rendas, aínda máis elevadas, e sen repartirse terras) e a propia **división dos liberáis** en moderados (pretenden modificar a Constitución pero concedendo certo poder ao rei) e exaltados (pretenden a creación dunha nova carta constitucional) derivou nunha grande inestabilidade política e facilitaría a reacción dos elementos absolutistas.

### A Década Ominosa (1823-33).

O medo a unha revolución liberal en Europa leva ás potencias absolutistas a decidir a intervención en España para restaurar o goberno absolutista de Fernando VII. En 1823, un exército francés (*Os 100.000 fillos de San Luis*), invaden España co apoio de Voluntarios Realistas españois. Agás nalgunhas

zonas como Cádiz ou A Coruña, non atopan resistencia, de modo que Fernando VII recupera o poder absoluto e abole as leis e institucións creadas durante o Trienio Liberal.

Esta restauración provoca unha dura represión contra os liberáis que son perseguidos e moitos líderes executados (Riego, O Empecinado,...). Outros tiveron que marchar ao exilio onde continuarán conspirando para restablecer as liberdades en España fracasando nos seus intentos. Destacan figuras como Torrijos ou Mariana Pineda. A poboación queda sometida ao control da policía e os corpos de Voluntarios Realistas, defensores do absolutismo, da relixión e da tradición.

Con todo esta nova restauración absolutista non foi una volta atrás completa; mesmo o monarca era consciente de que era necesario modernizar o país, polo que desenvolveron algunhas reformas, sobre todo económicas, que durarían no tempo. Porén, os **ultrarrealistas** ou realistas puros acusan a Fernando VII de pusilánime, e foron agrupándose ao redor do seu irmán Don Carlos (Carlos María Isidro de Borbón) quen, ante a falta de descendencia do rei, era considerado como o futuro rei de España.

A última etapa da monarquía de Fernando VII foi unha das páxinas máis negras da nosa historia, polo clima de **terror político antiliberal**, acompañado polo **fracaso** do novo Goberno por sacar a España da crise económica, o proceso de **guerras emancipadoras** nas colonias americanas e o denominado "**problema dinástico**". En 1829 Fernando VII casa con María Cristina de Borbón, e do seu matrimonio nacen dúas fillas: Sabela e Luísa Fernanda. Como a Lei Sálica, introducida por Felipe V, impedía a sucesión no trono das mulleres, Fernando VII deroga a lei en 1830 e proclama a Sabela como a súa herdeira. Esta derogación está recollida na Pragmática Sanción de 1830. **Don** Carlos María Isidro e os realistas puros opóñense a esta medida. En 1833, morreu Fernando VII e Carlos reclamou a Coroa de España, ao mesmo tempo que a raíña viúva María Cristina facía o mesmo para a súa filla Sabela. O choque de intereses propicia o estoupido da guerra carlista e a oportunidade de que os liberais recuperen o poder.

<b>PRIMERA RESTAURACIÓN</b>  <b>ABSOLUTISTA</b>  <b>1.814-1.820</b>	<b>ABSOLUTISMO</b>	- MANIFIESTO DE LOS PERSAS - DEROGACIÓN DE LA CONSTITUCIÓN - REPRESIÓN DE LOS CONSTITUCIONA- LISTAS - CONJURAS LIBERALES - RESTAURACIÓN DE LA INQUISICIÓN - PRIMEROS LEVANTAMIENTOS EN AMÉRICA. REPRESIÓN
<b>TRIENIO LIBERAL</b>  <b>1.820-1.823</b>	<b>CONSTITUCIÓN DE 1.812</b>	- PRONUNCIAMIENTO DE RIEGO - POLÍTICA MODERADA - LIBERTAD DE PRENSA - DERECHOS INDIVIDUALES - IGLESIA APARTADA DEL PODER - LIBERALES SE ESCINDEN: EXALTA- DOS Y MODERADOS - TRIUNFOS DE LOS LIBERTADORES: BOLÍVAR, SAN MARTÍN, ITURBIDE.....
<b>SEGUNDA RESTAURACIÓN AB-  SOLUTISTA</b>  <b>“DÉCADA OMINOSA”</b>  <b>1.823-1.833</b>	<b>ABSOLUTISMO</b>	- 100.000 HIJOS DE SAN LUIS - REPRESIÓN: TORRIJOS, MARIANA PI- NEDA... - MODERNIZACIÓN DE LA ADMÓN. - MEJORA ECONÓMICA - AYACUCHO: INDEPENDENCIA DE AMÉRICA - DEROGACIÓN LEY SÁLICA: PRIMERA GUERRA CARLISTA-

#### 14- A CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL (PRINCIPIOS DO LIBERALISMO E DIFERENZAS ENTRE AS DISTINTAS FAMILIAS POLÍTICAS).

*LIBERALISMO* é unha corrente de pensamento que defende un novo concepto de poder e da sociedade baseado na liberdade, igualdade xurídica, limitación da autoridade e participación política dos cidadáns fronte ao absolutismo e aos privilexos do Antigo Réxime. En síntese defende:

##### Principios políticos:

- Dereitos e liberdades individuais que o Estado debe protexer.
- Igualdade ante a lei.
- Limitación do poder político.
- Soberanía da nación como forma da leximitación do poder.
- División tripartita do poder: executivo, lexislativo, xudicial, e a seu exercicio por institucións diferentes (Goberno, Cortes e Tribunais).
- Participación dos cidadáns no sistema político.
- Unha Constitución onde se recollan os principios políticos.
- Leis escritas e organizadas en códigos.
- Institucións representativas da vontade dos cidadáns (Parlamento ou Cortes) formadas por membros escollidos mediante procesos electorais.

##### Principios económicos:

- Respecto á propiedade privada individual considerada como un valor absoluto e a base de toda sociedade.
- Liberdade económica e de empresa baseada na libre iniciativa individual sen intervención do Estado nos asuntos económicos.
- Libre xogo da oferta e a demanda ( a lei do mercado) como mecanismo xerador da riqueza e regulador de todas as actividades económicas (producións, prezos, salarios...)

O liberalismo foi a expresión ideolóxica dos intereses da burguesía, convertida no s. XIX no grupo hexemónico da sociedade.


O movemento liberal español arranca con forza, sobre todo, a partir da actuación das Cortes de Cádiz (1810-12), en plena Guerra de Independencia. Recordemos que os liberais defendían unha serie de principios políticos, económicos e sociais que teñen os seus antecedentes máis claros no Reformismo Ilustrado e no triunfo das revolucións liberais-burguesas norteamericana e francesa a finais do s.XVIII:

- sociedade de clases.
- dereitos e liberdades fundamentais.
- Constitución escrita.
- soberanía nacional.
- sufraxio, división de poderes.

A burguesía era o principal grupo social identificado con esta ideoloxía política, gracias á súa enorme influencia económica conseguida ó longo da Revolución Industrial.

Pero en España o liberalismo non era un bloque homoxéneo, xa que pronto xurdiron fortes diferencias internas entre eles, dando lugar a dúas opcións enfrontadas que provocaron gran inestabilidade política e constitucional ao longo do século XIX, con frecuentes cambios e alternativas de goberno.

Hai que remontarse ó Trienio Liberal (1820-1823), durante o reinado de Fernando VII, para recoñecer a primeira fisura do mundo liberal, entre os denominados “Doceanistas” e os “Vinteanistas”. Desas dúas faccións é de onde irían consolidándose, por unha banda, os liberais doutrinarios, moderados, conservadores ou reaccionarios e pola outra, os liberais exaltados, progresistas ou demócratas. Podemos dicir que ao longo do século se impón o modelo político moderado que contou co apoio de Coroa.



O LIBERALISMO DOUTRINARIO foi a corrente maioritaria en España e en toda Europa durante o século XIX. Xurde ante o temor dos grupos poderosos a perder a súa posición hexemónica na sociedade ante as demandas populares. Os seus trazos definitorios son:

Monarquía constitucional como forma de goberno:

- O poder executivo é exercido pola coroa quen nomea e cesa os ministros; estes son responsables da súa actuación ante as Cortes e o rei pero, en caso de conflito de intereses entre o Goberno e as Cortes, o rei pode disolvelas ou cambiar os ministros.
- A coroa comparte o poder lexislativo coas Cortes.
- O rei convoca, suspende o dissolve as Cortes o que lle permite actuar de árbitro entre o lexislativo e o executivo.

Soberanía compartida: o rei conxuntamente coas Cortes, representan á nación. O poder do rei lexitímase “pola graza de Deus e da Constitución”.

Restrición da participación política. A política debe ser un traballo realizado polos homes máis capaces e intelixentes, polo tanto o dereito ao sufraxio debe ser restrinxido, reservado únicamente a aqueles que posúan un determinado nivel económico ou cultural: **sufraxio censatario**.

Limitación dos dereitos individuais que deberían estar regulamentados e escritos con límites precisos para previr a desorden social.

Catolicismo de Estado e restrición da liberdade de cultos.

Partidarios do establecemento dun Estado unitario e centralizado, a través do control da vida municipal polo goberno central (nomeamento de alcaldes polo goberno).

**Os moderados** ou conservadores asumiron plenamente a defensa dos principios do liberalismo doutrinario. Foron os que exerceron máis tempo o poder e contaron coa predilección dos monarcas españois; procedían da alta burguesía e da aristocracia, defendendo os intereses da oligarquía económica. Foron férreos defensores da exclusión das masas da participación política, impoñendo un restrictivo sistema electoral (sufraxio censatario). Deste sector do liberalismo español naceron o **Partido Moderado** e a **Unión Liberal**. Na Restauración (1874), serviría de “canteira” para o futuro **Partido Conservador** de Cánovas del Castillo. As constitucións moderadas serían as de 1845 e 1876.

**Os progresistas** seguiron unha liña ambigua. Aceptaron gran parte dos principios do liberalismo doutrinario pero reclamaban a primacía das Cortes sobre o rei, a descentralización municipal e una interpretación máis ampla das liberdades. Sempre tropezaron co desexo dos monarcas e dos moderados de excluílos do poder, o que lles obrigaba a empregar a conspiración e a violencia como medio para alcanzar os seus obxectivos. Tamén foron defensores das modificacións lexislativas favorables ao desenvolvemento das actividades

económicas capitalistas (desamortizacións, ferrocarrís...). Un dos principais líderes do progresismo foi o xeneral Espartero, e nos breves períodos de goberno progresistas redactáronse as Constitucións de 1837 e de 1856 (esta última non se chegou a promulgar).

### LIBERALISMO DEMOCRÁTICO: DEMÓCRATAS E REPUBLICANOS

A mediados do XIX e debido ao descontento dos sectores progresistas máis radicais, foron xurdindo outras tendencias políticas dentro do liberalismo español. Nacería así o **Partido Demócrata**. A pequena e mediana burguesía (profesionais liberais), serían o seu sustento social. As propostas ideolóxicas dos demócratas recollían:

A soberanía popular, a fonte de poder é a nación identificada co conxunto de individuos que vivían nela. O poder deriva única e exclusivamente da vontade da maioría dos seus habitantes.

A participación popular: co voto nas eleccións a través do sufraxio universal masculino; na xustiza mediante a institución do xurado; e na defensa das liberdades mediante as milicias urbanas e provincial (Milicia ou Garda Nacional).

Ríxida separación de poderes. O legislativo reservado exclusivamente para as Cortes; o executivo exercido polo rei/raíña ou polo presidente da república.

Amplio abano de dereitos e liberdades individuais e colectivos sen restricións que deben figurar na Constitución. Especial recoñecemento deben ter a liberdade de expresión e os dereitos de reunión e asociación.

A separación de Igrexa e Estado

Poder xudicial independente e profesionalizado con xurados populares

Partidarios do Estado descentralizado e a descentralización municipal .

No liberalismo democrático, ademais, había a posibilidade de optar tanto pola **monarquía** como pola **república**.


Os **republicanos**, nutridos das clases populares e algúns profesionais liberais, dividíanse en:

- **Unionistas** que defendían a creación dunha república unitaria.
- **Federalistas** gradualistas, defendían a configuración da federación desde arriba, é dicir, que unhas Cortes constituíntes da nación española decidisen e organizasen o reparto de poderes entre o Estado federal e os Estados que formasen a federación.
- **Federalistas intransixentes** ou **cantonalistas** defendían que a federación debía facerse desde abaixo, mediante a proclamación inmediata da soberanía das unidades políticas inferiores, os Estados ou Cantóns, para construír desde eles, e por acordos libres entre iguais, a federación española.

## O MANTEMENTO DO TRADICIONALISMO

Na España do s. XIX pervive tamén unha corrente ideolóxica reaccionaria, ultraconservadora e antiliberal, na que se inclúen todos aqueles que defendían a permanencia dos valores políticos, sociais e relixiosos tradicionais (anteriores á revolución liberal). A súas propostas defendían a existencia dunha monarquía patriarcal, o mantemento das leis tradicionais e a vixencia do catolicismo e dos dereitos da Igrexa por riba dos dereitos individuais e políticos. Os carlistas serán o grupo principal que defende estas ideas tradicionalistas que, xunto coa defensa dos valores católicos, engadían o recoñecemento dos foros tradicionais de vascos e cataláns e o dereito a reinar en España do infante Carlos de Borbón, irmán de Fernando VII, e dos seus descendentes.

En síntese, o réxime político dominante en España foi (agás no sexenio 1868-74) a monarquía constitucional doutrinaria favorable aos intereses sociais, políticos e económicos das clases burguesas e aristocráticas, que mantivo fora do xogo político á maioría do país. Un réxime oligárquico, cunha clase política (incluídos os monarcas) de miras limitadas e intranxixentes que pretendía simplemente asegurar o seu monopolio do poder e protexer a súa hexemonía social e económica.



## O REINADO DE ISABEL II

### O REINADO DE ISABEL II

A España sabelina (1833-1868), é un dos períodos históricos de maior inestabilidade política durante o s. XIX. Destaca como unha época de cambios, de violentas transformacións, con continuas disputas entre os liberais moderados e os liberáis progresistas e sufrindo a constante intervención dos militares, os chamados “espadóns”, na vida política. A mesma figura da monarca é fundamental para entender moitos dos problemas e conflitos sufridos polo país durante eses anos. Pero tamén é importante recordar que durante o reinado de Isabel II o país foi testemuña de feitos fundamentais, como o triunfo definitivo do Estado liberal e o fin do absolutismo político, a desaparición do Antigo Réxime, o desenvolvemento dunha incipiente vida política, sen olvidarnos dos cambios que se produciron no panorama económico e social.

Tras a morte de Fernando VII en 1833, iniciouse unha etapa de transición cara un sistema Liberal protagonizado pola raíña rexente, M<sup>a</sup> Cristina e que tivo como cortina de fondo unha guerra civil, a primeira guerra carlista.

Nesta etapa consolidouse a división do liberalismo en dúas correntes principais, división que se mantivo ao longo de todo o reinado de Isabel II:

- **Liberais moderados**, partidarios de que a coroa contara con amplos poderes e que o sufraxio debía ser moi limitado (só para os máis ricos).
- **Liberais progresistas**, partidarios dunha reforma social e política que limitase o poder do rei en favor do Parlamento.

Durante as rexencias de M<sup>a</sup> Cristina (1833-40) e o xeneral Espartero (1840-43) estableceuse o modelo de liberalismo moderado que se mantivo vixente unha vez sentada no trono Isabel II. A práctica do liberalismo moderado beneficiou á burguesía de negocios e terratenente, aliadas cas vellas oligarquías do Antigo Réxime, construíndo un sistema de poder e dominación que foi acompañado da modernización económica e administrativa e das reformas legais de un Estado de perfil centralista.

Unha vez proclamada raíña Isabel II, o período divídese, dende o punto de vista político, en diferentes etapas, dependendo do acceso ao poder político, vía pronunciamento, dos progresistas ou dos moderados. Así distínguense no

*reinado persoal a chamada Década Moderada (1844-54), o Bienio Progresista (1854-56) e os 12 anos de gobernos moderado-unionistas.*

*Cara a 1866 o modelo político isabelino, forxado arredor dos partidos do liberalismo moderado, esgotárese. O inmovilismo político, a profunda corrupción, unida a unha crise económica e a contestación social deu paso a gobernos cada vez máis autoritarios para conter as críticas. Neste panorama, cada vez foi máis presente a oposición política non só dos progresistas, senón tamén de novos grupos máis radicais e avanzados procedentes do liberalismo, como os demócratas e os republicanos.*

*Unha coalición de forzas progresistas e demócratas descontentos asinaron en 1866 o **Pacto de Ostende** (Bélxica), que foi o primeiro episodio dun movemento que acabou co reinado de Isabel II. En setembro de 1868 todas as forzas opositoras asociadas na revolución e contando co apoio da mariña, do exército e das masas populares, destronaron a Isabel II.*

## **15- A REVOLUCIÓN GLORIOSA E A CONSTITUCIÓN DE 1869.**

ó Sexenio Democrático é una época de gran axitación política e social pola que pasou España tralo derrocamento da raíña Sabela II en 1868 na revolución coñecida como a “Setembrina” ou “A Gloriosa”.

Podemos dividir esta etapa en tres fases: a rexencia de Serrano, a monarquía de Amadeo I (1871-73) e a I República (1873-74).

Nun contexto de malestar social polas malas colleitas, as dificultades económicas da industria e das finanzas, e o descontento da maioría da clase política polas actuacións da raíña Isabel II, uníronse todos os grupos políticos baixo o lema “¡Abaixo os Borbóns!” e “¡España con honra!”. O modelo político isabelino, forxado arredor dos partidos do liberalismo moderado (Partido Moderado e Unión Liberal), esgotárese. Unha coalición de forzas progresistas e demócratas descontentos asinaron en 1866 o **Pacto de Ostende** (Bélxica), que foi o primeiro episodio dun movemento que acabou co reinado de Isabel II.

O obxectivo era establecer un goberno provisional que asumise os principios do liberalismo democrático e que convocase eleccións por sufraxio universal masculino para constituir unhas novas Cortes, que debían decidir o modelo de estado (monarquía ou república) e facer una nova Constitución.

Finalmente, en 1868, iniciouse a revolución en Cádiz cun pronunciamento das tropas da mariña asinado por xenerais de prestixio como Prim, Serrano, e Topete, que fan unha defensa clara do liberalismo democrático contra a monarquía e a corrupción existente.

Coa derrota do exército isabelino na batalla da ponte de Alcolea (Córdoba), tivo lugar o derrocamento da raíña e o seu exilio cara París.

Paralelamente, se van formando nas principais cidades **Xuntas Revolucionarias**. Ditas Xuntas pedían dereitos e liberdades democráticas, e reivindicacións de tipo social como a supresión das quintas ou dos impopulares consumos (medidas máis avanzadas cás que levaron a cabo os dirixentes do pronunciamento).



Formouse un goberno provisional presidido por Serrano, que puxo en marcha reformas políticas (liberdades democráticas), económicas (creación da peseta, entre elas) e conseguiu a disolución das xuntas e a convocatoria dunhas **Cortes Constituíntes** mediante o sufraxio universal masculino directo. As Cortes Constituíntes decidirían o tipo de goberno para España (que por maioría foi a monarquía democrática, fronte a unha minoría republicana), e promulgaron en 1869, unha **Constitución** baseada nos principios do **liberalismo democrático**. As súas principais características son:

- Soberanía nacional.
- Sufraxio universal masculino.
- Separación de poderes.
- O rei exerce o poder executivo a través dos seus ministros. Sanciona e promulga leis sen capacidade de vetalas. Ten a potestade de suspender e disolver as cortes, pero só unha vez por lexislatura.
- Cortes bicamerais: Congreso e Senado. Os deputados son eleixidos por sufraxio universal directo, mentres que os senadores por sufraxio universal indirecto (elíxense compromisarios). Asumen en exclusiva o poder lexislativo, controlan as accións de goberno e aproban orzamentos.
- Poder xudicial en mans dos tribunais. Os xuízes o serán a través de oposición, e os xurados terán participación popular.
- Dereitos e liberdades recollidas de forma ampla. Por primeira vez, liberdade de reunión e de asociación. De tal xeito, que a Constitución de 1869 establecía un réxime de liberdades moi considerable en comparación con outras Constitucións europeas daquela época.
- Liberdade de cultos, abandoando a confesionalidade do estado.



En suma, unha auténtica Constitución progresista e democrática, aínda que só estaría en vigor catro anos (ata 1873).

Trala promulgación da Constitución, nomeouse a Serrano rexente ata atopar un candidato á Coroa, que debería ser católico, liberal e contar co apoio das potencias europeas.

O candidato elixido foi **Amadeo de Saboya** (de formación exclusivamente militar e de escaso carisma persoal). Fillo do rei de Italia Víctor Manuel II, fora proposto por Prim. Amadeo tivo escasos apoios en España. Non o querían nin a aristocracia (que o vía como un estranxeiro intruso), nin a Igrexa (por admitir a liberdade de cultos), nin o pobo en xeral, que inventou numerosos alcumes (*Don Macarrone*, por italiano; *Don Melone I*, polas escasas dotes para aprender o castelán) e contou co rexeitamento sistemático de carlistas, alfonsinos (partidarios do fillo de Isabel II, Alfonso) e republicanos.

A morte do xeneral Prim, asesinado nun atentado poucos días antes de chegar a España, deixouno sen o seu principal valedor. A inestabilidade política foi o trazo máis característico do seu reinado no que tivo que facer fronte a numerosos problemas: a oposición republicana (que pretendía acabar coa monarquía), a III Guerra Carlista (1872-76), a Guerra dos Dez Anos en Cuba, 1868-1878 (na que os cubanos pedían a abolición da escravitude e a independencia), e polas divisións na coalición do goberno nas que o rei non quixo intervir.

Ante estas dificultades, e sen poder formar un goberno forte para resolver estas cuestión, **o rei abdica** en febreiro de 1873.

Tras a renuncia, o Congreso e o Senado, reunidos conxuntamente, formaron unha Asamblea Nacional que, ante a falta de alternativas e a pesar de ser maioritariamente monárquicas, proclamaron a República o 11 de febreiro de 1873.

## **16- PRIMEIRA REPÚBLICA (PROXECTO DE CONSTITUCIÓN FEDERAL E CANTONALISMO).**

*A I República Española (1873-1874) foi un breve período histórico enmarcado dentro do Sexenio Democrático, época de gran axitación política e social. Recordemos que o Sexenio Democrático divídese en tres etapas: dende a Revolución de 1868, que derrocou a Sabela II ata a Rexencia de Serrano; a monarquía democrática de Amadeo I de Savoia (1871-1873) e a I República (1873-1874).*

O 11 de febreiro de 1873 foi proclamada a República. A Asamblea Nacional Republicana asumiu todos os poderes e nomeou como presidente do poder executivo (que exercía as función de xefe do Estado e xefe de Goberno) a Estalísnao Figueras. **Pero pronto comezaron a xurdir divisións internas:**

- Os **republicanos unitarios** defenden a creación dunha unha república centralizada.
- Os **republicanos federais gradualistas** (dirixidos por Pi e Margall), defenden a configuración da federación dende arriba, é dicir, que unhas Cortes constituíntes decidan e organicen o reparto de poderes entre o Estado Federal e os estados que formen esa Federación.
- Os **republicanos cantonalistas ou intransixentes** creen que a federación debe facerse dende abaixo, e dicir, que os diferentes Estados o Cantóns decidan dun xeito libre e con acordos entre iguais, unirse a Federación Española.

*Estas divisións provocaron una grande inestabilidade política, e para resolver a forma da República convocáronse novas eleccións para formar una Asemblea Nacional constituínte. As eleccións, celebradas por sufraxio universal dos varóns maiores de 21 anos, foron gañadas polos federais, nomeándose presidente ao seu líder, Pi i Margall. A nova Asemblea Nacional constituínte redactou un proxecto de Constitución federal que:*



- Organizaba España como unha federación formada por 17 estados federados, incluídos Cuba e Porto Rico.
- A xefatura do Estado estaba en mans do presidente da República, elixido por sufraxio universal e quen, a súa vez, nomea ao Presidente do Goberno e ministros.
- O poder lexislativo está en mans da Asemblea Nacional Republicana, composta polo Senado como cámara representativa dos Estados federados, e polo Congreso elixido por sufraxio universal masculino directo.
- Establécese a autonomía municipal.
- Establécese a separación entre igrexa e Estado.

Con todo, a xove República tivo que enfrontarse a unha serie de graves problemas: as **protestas obreiras** debido ó descontento social, os levantamentos **cantonalistas**, e a continuación das **guerras** carlista e cubana. Nalgunhas zonas as clases traballadoras e o campesinado, estimulados pola **Federación Española da AIT** (Asociación Internacional de Traballadores) protagonizaron folgas e protestas, ocuparon terras e esixiron melloras das súas condicións sociais (revolta social en Alcoi, con asasinatos de autoridades e queima de fábricas), que causaron un forte temor na burguesía.

Ao mesmo tempo, os federais intransixentes comezaron a proclamar a independencia de cantóns. O **movemento cantonalista** foi sobre todo importante en Andalucía e Levante, destacando a proclamación do Cantón de **Cartagena**, durante seis meses (de xullo de 1873 a xaneiro de 1874). Era un movemento fundamentalmente político, incorporando algunhas peticións moi **revolucionarias** como o ensino laico e gratuito, incautación de bens eclesiásticos, apropiación de determinadas propiedades privadas..., contando así co apoio dos **internacionalistas** da AIT que vían no federalismo un camiño cara á realización da revolución social. As revoltas cantonalistas fixeron fracasar o proxecto de implantar a República Federal dende arriba, produciron unha elevada disgregación do poder en gran parte de España, aumentaron as tensións entre os republicanos e provocaron a dimisión de Pi i Margall.

O novo goberno republicano estivo presidido por Nicolás **Salmerón**, quen, para sufocar o movemento cantonalista en Andalucía e en Levante e a guerra carlista no norte, tivo que apoiarse nos militares e acceder ás súas peticións de restablecer a autoridade e a orde o que provocou a súa dimisión (negouse a firmar penas de morte). En setembro de 1873 empezou a súa labor o último goberno republicano, que estivo presidido por Emilio **Castelar**, quen conseguiu **poderes extraordinarios** da Asemblea para facer fronte ás guerras cantonalista, carlista e cubana. Así gobernou durante varios meses por **decreto**, tomando medidas drásticas e represivas, apoiándose nos **militares** máis conservadores. Descontentos os federais, a Asemblea nacional pretendeu escoller un novo presidente, e mentres se celebraba a sesión, o xeneral **Pavía** deu un golpe de Estado, disolvendo a Asemblea en xaneiro de 1874. O xeneral **Serrano** asumiu o poder executivo republicano, pero suspendendo as garantías constitucionais e prometendo convocar Cortes constituíntes cando o país estivese pacificado.

As tensións entre os republicanos, a guerra carlista e cubana e o incremento das reivindicacións sociais revolucionarias dos membros da AIT provocaron unha permanente inestabilidade e un medo crecente nas clases propietarias e no exército á desintegración de España e á revolución social. Estes temores favoreceron os intentos de Cánovas del Castillo de restaurar a Monarquía na persona de Alfonso de Borbón, fillo de Isabel II, quen se presentou como un monarca respectuoso co sistema constitucional e liberal (Manifesto de Sandhurst).



Figueras

Pi y Margall

Salmerón

Castelar


## 17- A RESTAURACIÓN.

Tras o fracaso do proxecto republicano (o medo á revolución social, o enfrontamento entre os republicanos, a pervivencia de sentimentos monárquicos no exército e nunha grande parte das clases acomodadas) se foi creando un clima propicio á restauración da Monarquía en España na persoa do príncipe **Alfonso de Borbón**, fillo da destronada Isabel II. O regreso dos Borbóns ó trono español foi coidadosamente preparado por **Cánovas del Castillo** que buscou apoios entre grupos de militares, aristócratas e



burgueses temerosos dos avances democráticos. Convenceu tamén a Isabel II de que abdicara no seu fillo Alfonso en 1870, e este foi enviado á Academia militar de Sandhurst, onde se educaban os monarcas ingleses. Alí o 1 de decembro de 1874, o futuro rei español asinou o chamado **Manifiesto de Sandhurst** no que se presentaba como un monarca constitucional, católico e liberal. O 29 de decembro dese mesmo ano o xeneral Martínez Campos pronunciouse a favor da monarquía e proclamou a Alfonso XII rei de España. Iniciábase a época coñecida como Restauración borbónica na que se diferencian as seguintes etapas: o reinado de Alfonso XII (1875-85), a rexencia de M<sup>a</sup> Cristina de Habsburgo (1885-1902) e o reinado de Alfonso XIII (1902-23).

Alfonso XII chega a España en xaneiro de 1875 nomeando a Cánovas del Castillo presidente do Goberno, quen sentaría as bases políticas do novo réxime.



Cánovas é un político liberal conservador, pero moi práctico. Para el, o sistema político debería descansar en dous elementos innegociables: unha monarquía hereditaria con Afonso XII, que representa a tradición e a unidade española; e as Cortes, que segundo os principios do liberalismo representa á vontade da Nación. Ambos principios deben sustentar o poder e compartir a soberanía. Pero unha vez asegurados estes principios todo pode ser obxecto de discusión.

Para garantir estes principios, o sistema debería basearse en :

- **Monarquía constitucional doutrinaria** (na que a Coroa comparte a soberanía e o poder lexislativo coas Cortes, exercía en exclusiva o poder executivo e nomeaba os principais cargos públicos).
- O **Goberno** debe contar tanto coa confianza do Rei como das Cortes: é o rei quen nomea un Goberno, pero ten que ser apoiado pola maioría das Cortes. Esta maioría se manipula coa axuda dos fraudes electorais e os caciques.
- O sistema se basea no **bipartidismo**. Cánovas basea o sistema en dous partidos monárquicos que se alternarán no poder (un no Goberno, outro na oposición): serán herdeiros das tradicións liberais moderadas e progresistas do século XIX. Estes partidos serán:
  - Partido Conservador (Cánovas): Antigos moderados e membros da Unión Liberal.
  - Partido Liberal (Sagasta): Antigos progresistas e demócratas moderados.
- **Alternancia pacífica** no Goberno, baseado na quenda de mutuo acordo entre as forzas monárquicas agrupadas no partido Conservador e no partido Liberal. Cando o partido que gobernaba sufría unha crise de Goberno ou un desgaste por un determinado conflito, a Coroa nomeaba como presidente de Goberno ao xefe do partido na oposición. Para gobernar con apoio parlamentario, o rei disolvía as Cortes e convocaba eleccións; o novo Goberno preparaba ditas eleccións que necesariamente tiña que gañar para ter maioría nas Cortes, o que sempre sucedía.
- **Sometemento do poder militar ao poder civil**. O exército debería estar ao marxe da vida política, e debería estar sometido á autoridade suprema do Estado. Por iso, o rei será o xefe das forzas armadas.
- **Transaccionismo**, a capacidade de negociar, en materia de dereitos e deberes.

A aplicación dos principios políticos do pensamento de Cánovas deu lugar ao **sistema da Restauración borbónica** ou **sistema canovista** por ser el o principal impulsor.

### **CONSTITUCIÓN DE 1876**

Cánovas convocou eleccións constituíntes para asentar o novo sistema. As novas Cortes (con maioría conservadora), aproban a **Constitución de 1876**, na que se establecía o modelo político: unha monarquía constitucional doutrinaria conservadora. Os seus principais aspectos son:

- **A Coroa** ten importantes prerrogativas: comparte soberanía coas Cortes, nomeaba ó goberno e os ministros sen a aprobación das Cortes, ten iniciativa legal e dereito a veto, pode convocar ou disolver Cortes, dirixe a política internacional, e é o xefe do exército.

- **Cortes bicamerais**, constituídas por:
  - Congreso de Diputados, eleixidos polos cidadáns con dereito a voto (homes maiores de 25 anos).
  - Senado, con senadores eleixidos polo rei, polo goberno, por dereito propio, ou eleixidos polos maiores contribuíntes.
- Os **dereitos e liberdades** tamén aparecen recollidos, pero de xeito impreciso. Deste xeito, poderían ser interpretables polos sucesivos gobernos.
- España será un **país católico**. Aínda que se recoñece a liberdade de culto e conciencia.
- A Constitución de 1876 , finalmente, defendía un modelo de Estado fortemente **unitario e centralista** , baseado en dous principios fundamentais:
  - Abolición dos privilexios forais vascos, tras a derrota do carlismo. Serán sometidos ao sistema xeral de impostos e recrutamento de homes. Os liberais vascos conseguen un acordo co goberno central, o *Concerto Económico*, mediante o cal as deputacións vascas recadarán impostos, estableciéndose a cantidade anual a pagar ao estado central (*o cupo*).
  - O control dos Concellos. A Lei Municipal de 1877 anula a autonomía dos concellos e a elección popular dos alcaldes, que serán nomeados directamente polo Goberno (nas cidades), ou polos Gobernadores Cívís (no resto das vilas).

En 1885 morre o rei de tuberculose, e a rexencia será para a súa muller, María Cristina de Habsburgo. Só tiñan dúas fillas e a raíña estaba embarazada. Neste contexto, os líderes dos partidos dinásticos asinan o **Pacto do Pardo**, no que se acorda continuar co sistema da quenda pacífica e agardar á proclamación do herdeiro, en previsión de que o neno a nacer sexa varón. Como ratificación do acordo, Cánovas dimite e Sagasta foi chamado a gobernar; o sistema da quenda pacífica quedaba así definitivamente consolidado. María Cristina como rexente soubo manterse ao marxe da vida política, sempre dentro da Constitución, polo que será alcumada *dona virtudes*.

### **A VIDA POLÍTICA DA RESTAURACIÓN (QUENDA, CACIQUISMO E FRAUDE ELECTORAL).**

Un dos principais fundamentos políticos da Restauración foi o **turnismo**, coñecido tamén como **alternancia** ou **quenda pacífica** de partidos, onde os dous grandes partidos monárquicos, partido Conservador de Cánovas e partido Liberal de Sagasta, un no Goberno e outro na oposición, se alternarían de forma pacífica no exercicio do poder. Era un modelo bipartidista claramente inspirado no británico, que o propio Cánovas admiraba, adoptando incluso os mesmos nomes.

Prácticamente, os dous partidos coincidían no esencial (defensa da monarquía, da Constitución, da propiedade privada, do sistema capitalista e da centralización administrativa). Polo tanto, representaban os **intereses da alta burguesía** e das clases medias acomodadas. Ademais, eran partidos de minorías, contrariamente a outras forzas cunha maior cantidade de afiliados ou de masas, como o socialista. En canto á súa actuación política, as diferencias entre os dous partidos eran mínimas, xa que incluso entre eles pactaran non promulgar leis que tivesen que ser abolidas polo goberno de turno.

A necesidade que tiñan os gobernos da Restauración de gañar as eleccións e ter maioría nas Cortes, provocou o falseamento permanente dos procesos electorais; para logralo tiveron que recorrer ao **fraude electoral** e ao desenvolvemento dunha ampla rede de relacións e influencias baseada no poder dos notables locais e na manipulación das masas populares.

O sistema funcionaba de arriba abaixo:

- Na cúspide estaba a minoría política (deputados, senadores, ministros, etc), que formaban a **oligarquía** dirixente entre a que se escollían os candidatos.
- Nun escalón máis baixo están os **gobernadores** civís, quen baixo a orde do ministro da Gobernación, colaboran coa elaboración do encadramento (proceso polo que o ministro de gobernación coloca nas cuadrículas correspondentes a cada distrito electoral os nomes dos candidatos que o Goberno está disposto a tolerar). Para que os resultados foran os previstos, colaboran os alcaldes (nomeados polo Goberno e encargados do desenvolvemento do proceso electoral) a Garda Civil (encargada de manter a orden e reprimir aos opositores).
- Na base do sistema está o **cacique** local, personaxe que tiña unha gran influencia ou poder sobre as autoridades e sobre os veciños dunha comarca ou territorio, sobre todo no mundo rural, gracias ó seu control dos concellos, do mercado laboral ou das terras, e que empregaba esta influencia en servizo do candidato do Goberno. Nalgúns casos, a forza do caciquismo permitía que moitos distritos fosen sempre controlados pola mesma familia ou saíse sempre elixida a mesma persoa (“distritos enfeudados”). Destacar que o caciquismo foi unha das secuelas políticas máis vergoñosas do sistema canovista, e un dos elementos máis criticados pola oposición política.



**FORMAS DE FRAUDE ELECTORAL DURANTE LA RESTAURACIÓN**

**"ENCASILLADOS"**


Previamente se adjudicaban que diputados debían salir y en que distritos. Se habla de encasillados, porque era si como cada distrito electoral fuera una casilla




Deste xeito, se establecía que un 60-70% dos votos deberán ir ao partido proposto polo rei, e o resto ao contrario. A maiores deste sistema, calquera método era válido para conseguir os resultados desexados: incluir a mortos no censo, compra de votos, ameazas, pucheirazo (substitución masiva de papeletas), falsificación de identidades...

En síntese, o réxime político establecido na Restauración borbónica foi unha monarquía constitucional doutrinaria que favorecerá os intereses sociais, políticos e económicos das clases burguesas e aristocráticas e que mantivo fóra do xogo político á maioría do país. Un réxime oligárquico, sen democracia, cunha clase política unida para ocupar os cargos públicos, no que o caciquismo e o fraude electoral constituía a verdadeira estrutura político-administrativa do goberno dos pobos. Un réxime que manifestaba un profundo egoísmo social dos grupos dominantes, que pretendían asegurar o monopolio do poder e a súa hexemonía económica e social.

Finalmente, e tras unha serie de graves crises (1898, 1909 e 1917), e ante a imposibilidade do propio sistema de democratizarse, a Restauración remataría co golpe de Estado de Primo de Rivera en 1923.



- Eu son Xan, o que votou por vostede  
- ¡Ah!... ¡Si! ¡Caramba! Si desea algo vuelva mañana.



- Lo que pasa es que aqui todos queremos ser caciques ¿sabe?

## 12- A CUESTIÓN NACIONAL NO ÚLTIMO TERZO DO SÉCULO XIX.

Son múltiples as definicións de nación- comunidade política ou asociación de individuos vinculados por lazos comúns- e os factores que a conforman: territorio, historia, lingua, etnia, cultura, economía, lei, dereitos políticos, mentalidade... Pero todas coinciden en identificala coa patria ou terra de nacemento e en considerar que para que exista deben cumprirse un requisito mínimo: que os seus membros teñan o sentimento de pertencer a ela (sentimento nacional). Os que defenden a súa existencia como comunidade diferenciada das demais (nacionalistas ou patriotas) consideran que toda nación ten dereito a decidir libre e colectivamente o seu destino (dereito de autodeterminación), dereito que implica a capacidade para dotarse dun autogoberno e formar una **nación soberana** cun estado independente e que pode ser reclamado e defendido pola violencia e as armas (loita de liberación nacional).

En España, a pesar de constituír un dos estados máis vellos de Europa (S. XVI), a cuestión nacional é aínda hoxe un problema inacabado e polémico. Xunto a idea de España como nación, defendida polo nacionalismo español, existen movementos rexionalistas e nacionalistas periféricos que, en especial en Cataluña, País Vasco e Galicia, defenden a consideración das súas propias comunidades como nacións distintas da española.

### O NACIONALISMO ESPAÑOL

A idea moderna da nación naceu en España unida ás transformacións da política liberal das Cortes de Cádiz e á defensa popular fronte a invasión das tropas de Napoleón. A constitución de 1812 define a nación como un corpo político formado por todos os habitantes da Coroa no que residía a soberanía sometidos á mesma lei e aos mesmos dereitos.

A división do liberalismo en dúas correntes- doutrinaria e democrática- deu lugar á aparición de dúas interpretacións sobre a nación española:

- Nacionalismo español conservador: consideran á nación española una entidade colectiva, superior a vontade dos individuos, froito da historia, destinada dende antigo a formar unha unidade política inseparable; historia que forxa o carácter español e no que foron de grande importancia os godos, a reconquista, os Reis Católicos e Castela. Son elementos esenciais desta visión da nación **a coroa**, manifestación da unidade, o **catolicismo**, **a península ibérica** como territorio limitado polos Pirineos e o mar (esquecendo a Portugal) e a **unidade da patria**, defendendo un modelo de estado centralizado e uniforme.

- Nacionalismo español liberal-democrático: considera que a nación española é una construción política froito da vontade dos individuos unidos baixo as mesmas leis. Os seus símbolos son a participación democrática do pobo e a defensa dos dereitos e liberdades. A unidade da patria é compatible co mantemento dos particularismos locais, defendendo a descentralización administrativa ou a autonomía política territorial (republicanos).

### **REXIONALISMOS E NACIONALISMOS PERIFÉRICOS**

En España xurdiron na segunda metade do século XIX manifestacións culturais e políticas na periferia peninsular, principalmente en Cataluña, Galicia e País Vasco, que evolucionaron cara a nacións propias diferenciadas da española. Nas orixes destes movementos súmanse una serie de factores:

- Diversidade cultural e lingüística na periferia peninsular.
- A imposición do estado liberal, centralizador e unitario, que suprime as particularidades xurídicas e territoriais e da prioridade aos valores e lingua casteláns, incrementando o enfrontamento centro-periferia.
- O desigual desenvolvemento capitalista, que provocou importantes desequilibrios no desenvolvemento económico de determinados territorios- Cataluña, P.Vasco- que carecían de capacidade de decisión política.
- A débil nacionalización española, é dicir, débil desenvolvemento dun sentimento nacional español.
- O descontento pola marcha xeral do país, consecuencia do atraso económico, cultural e político e dos desastres coloniais, situación que dificultaba crear un proxecto común e sentirse orgulloso de pertencer a España.

Estes movementos rexeitaban a existencia dunha nación española unitaria e defenderon una nova organización do estado español, compatible co autogoberno. A negativa do poder central a acceder ás reivindicacións de autogoberno radicalizaron as posturas e incrementaron as tendencias separatistas. En liñas xerais, as tres fases ou etapas que se poden recoñecer nos movementos nacionalistas son:

- **Provincialismo**, na 1ª metade do XIX, entendido como revalorización das peculiaridades ou sinais de identidade dese pobo.
- **Rexionalismo**, nas últimas décadas do s.XIX, pedíndose xa un proceso de descentralización e de autogoberno.
- **Nacionalismo** propiamente dito, nos inicios do s.XX, onde aparece a defensa desa colectividade coma unha nación con dereito a un goberno propio.

## CATALUÑA.

Ademais dos trazos característicos xerais do nacionalismo periférico comentados anteriormente, hai que ter en conta no caso de Cataluña os cambios introducidos pola Revolución Industrial: a modernización económica posibilitou a existencia dunha burguesía industrial catalana, defensora dos seus intereses, reivindicando de Madrid unha política proteccionista; e o recordo e mitificación de feitos históricos, como a sublevación de 1640 e a derogación dos fueros por Filipe V trala Guerra de Sucesión.

No caso do catalanismo, podemos distinguir os tres períodos ou fases antes mencionados: entre 1830-1875, a fase da “**Renaixença**” ou renacemento cultural e literario catalán, xunto ós primeiros proxectos políticos catalanistas, sobre todo procedentes do carlismo e do republicanismo federal.

1875-1901, tralo fracaso do republicanismo federal daríase paso ao chamado **rexionalismo** conservador e católico, defendendo o autogoberno e a descentralización. O rexionalismo catalán dividiuse nunha tendencia **progresista e laica**, con líderes como Valentí Almirall, e noutra **conservadora e burguesa liderado por** Enric Prat de la Riba, burgués e intelectual que fundara a **Unió Catalanista** en 1891, e autor das chamadas “**Bases de Manresa**”, publicadas en 1892. Nas “Bases” está recollido o programa político deste catalanismo moderado, católico, tradicionalista, defensor dos intereses da burguesía e sen preocuparse por mellorar a situación das clases traballadoras, definíndose con precisión a organización territorial demandada polos catalanistas, que defendían unha organización confederal de España: o Estado **plurinacional** ou Federación Española, reclamando unha autonomía política non separatista para Cataluña. Aparece por primeira vez a identificación de Cataluña como **nación**, baseada nos seus elementos culturais e históricos.

E 1901-1923, o **nacionalismo** catalán propiamente dito daría o salto á vida política, entrando nas institucións locais e fundando distintos partidos (conservadores, republicanos, de esquerdas, autonomistas ou independentistas), constituíndose a **Mancomunitat de Catalunya** en 1914 (a primeira forma de descentralización recoñecida ós cataláns). Con

posterioridade, as reivindicacións catalanistas serían anuladas pola dictadura de Primo de Rivera (disolución da Mancomunitat), radicalizándose a postura dos nacionalistas ante a represión governamental, o que favoreceu a creación de organizacións de esquerda e republicanas (ERC, 1931), que se convertería na principal forza política en Cataluña durante a II República, e que conseguiría, finalmente, a aprobación dun Estatuto de autonomía en 1932.

## **PAÍS VASCO.**

O nacionalismo vasco baseouse en tres elementos: os foros, as guerras carlistas que acabaron coa abolición dos foros, e o proceso industrializador, que provocou a chegada de inmigrantes doutras provincias españolas e a rápida transformación da sociedade vasca tradicional.

A cuestión foral foi un dos eixes de enfrontamento entre o Estado liberal e as provincias vascas. A literatura forista recuperou a tradición antiga e medieval do pobo vasco a través de obras literarias que idealizaban o mundo rural e reconstruían a historia en base a mitos, lendas e tradicións.



Os principais dirixentes do nacionalismo vasco procederon do carlismo, co apoio do clero. **Sabino Arana**, máximo dirixente e ideólogo do nacionalismo vasco, militou no carlismo e fundou o Partido Nacionalista Vasco (PNV), seguindo unha ideoloxía tradicionalista que reivindica a raza, a lingua e as costumes tradicionais do pobo vasco. Neste sentido, as transformacións socio-económicas que se estaban a producir na sociedade vasca, como a chegada de inmigrantes doutras rexións, convertíronse nunha das súas principais preocupacións, chegando a considerar aos “maketos” ou españois como estranxeiros que poñían en perigo a sociedade tradicional vasca. A xenofobia será un dos aspectos máis polémicos deste movemento nacionalista periférico.

En 1911, os nacionalistas vascos fundaron o Sindicato Solidariedade de Traballadores Vascos para contrarrestar a influencia socialista e anarquista nos medios obreiros. Ata a Dictadura de Primo de Rivera, o nacionalismo vasco dividírase nunha tendencia autonomista e outra tendencia independentista, reunificadas durante a II República de novo no PNV.

## **GALICIA.**

Na Galicia do s.XIX tamén xurdiría un movemento defensor da identidade cultural, económica e política dos galegos. A principal peculiaridade do galeguismo, con respecto ós outros movementos nacionalistas, foi o seu carácter minoritario, sobre todo, no século XIX, como fenómeno restrinxido a un grupo de intelectuais e de políticos, dado o carácter eminentemente rural da sociedade galega cunha burguesía moi pouco representativa e unha enorme influencia do clero e da fidalguía. Sen embargo, Galicia coincide cos outros nacionalismos en factores como a defensa da súa personalidade-costumes, lingua, folklore- e as críticas ó centralismo do Estado español a quen responsabiliza do atraso económico galego, das malas comunicacións, dos escasos investimentos, do problema da emigración, entre outros.

Na evolución do galeguismo, diferenciamos tres etapas:

- Nunha primeira etapa, iniciada en 1840, o **provincialismo** alentaría a progresiva toma de conciencia das particularidades e necesidades de Galicia (falta de industrialización, atraso, illamento,...). Ese impulso precursor viuse reforzado nos anos 60 polo **Rexurdimento**, o movemento cultural iniciado por Rosalía de Castro, que aspiraba á revitalización do galego como lingua literaria.
- Nunha segunda etapa xurde o **rexionalismo**, cara a 1880. Caracterízase pola búsqueda de dereito de autonomía política e administrativa sen rachar co Estado español. Ten como figuras mais destacadas o liberal Manuel Martínez Murguía e o conservador Alfredo Brañas. Murguía, político e intelectual importantísimo deste movemento ideolóxico, representa por unha banda a denominada “teoría do celtismo” (xustificación ou mitificación dun pasado glorioso para os galegos) e pola outra a defensa dos intereses de Galicia, reclamando unha política descentralizadora. A solución, para Murguía e os rexionalistas, era a concesión dun goberno autonómico.
- Nunha terceira etapa xurdirá o **nacionalismo**, a mediados da segunda década do século XX. Afirmase que Galicia é unha nación, cunha lingua, historia, xeografía, cultura, etc, propias. Destacan figuras como Castelao ou Vicente Risco. O nacionalismo galego maniéstase inicialmente a través das **Irmandades da Fala**, asociacións político-culturais que buscan dignificar a lingua, potenciar a identidade de Galicia e buscar

solucións aos problemas económicos. Destaca o papel xogado pola revista **Nos**, así como o Seminario de Estudos Galegos.

A chegada da ditadura de Primo de Rivera iniciará a represión de calquera nacionalismo periférico de España. A partir de 1929 algúns galeguistas comezaron a reorganizarse proceso que culminou en 1931 na fundación do Partido Galeguista, que tivo un gran protagonismo na II República.

## 28- A REFORMA AGRARIA LIBERAL: AS DESAMORTIZACIÓNS.

No Antigo Réxime, as terras estaban suxeitas a normas, leis e prácticas que limitan a produción agrícola e a propiedade da terra.

A burguesía liberal considera que é preciso facer unha **reforma agraria** para converter a terra nun ben libre e privado, suxeito á posibilidade de compra-venta. *(Para facelo era preciso: abolir o réxime señorial, desamortizar as terras eclesiásticas e comunais, desvincular os morgados, suprimir as servidumes colectivas e o décimo eclesiástico, e autorizar a liberdade de cultivos, o cerramento dos campos e a libre compraventa das terras).*

A medida máis importante para poder conseguir este obxectivo é a **desamortización** ou venta pública de terras pertencentes ás *mans mortas* da igrexa ou *terras de comúns* e *propios* dos Concellos.



*(Desamortizar consiste en vender ou subastar públicamente os bens rústicos que no Antigo Réxime se atopaban, legalmente, amortizados ou vinculados. A maioría de ditos bens pertencían á Igrexa e aos concellos. Polo tanto, estamos a falar dun proceso de expropiación gubernamental, co obxectivo de poner no mercado todo tipo de propiedades rústicas e tamén urbanas, de acordó cos intereses da burguesía española).*

No século XVIII, no marco das reformas ilustradas, teñen lugar os primeiros intentos, pero non será ata o século XIX cando se aborde o tema máis profundamente. A desamortización española tivo antecedentes moi tímidos na Desamortización de Godoy (1798) que afectou a una pequena cantidade de

propiedades da Igrexia. Durante a revolución liberal as Cortes de Cádiz promulgaron decretos confiscando e poñendo á venda bens de afrancesados, ordes militares, conventos suprimidos, xunto con parte de terras da Coroa e dos baldíos e terras dos Concellos, co principal obxectivo é facer fronte aos gastos da Guerra da Independencia Porén, ten moi pouco percorrido, xa que en 1814 restaúrase o absolutismo. As medidas se retoman durante o Trienio liberal (1820-23) e son paralizadas de novo coa restauración absolutista.

Pero só co asentamento definitivo do Estado liberal, con Sabela II, púidose desenvolver definitivamente o proceso desamortizador, a partires de 1836. Foi un fenómeno longo, complexo e non continuo, debido á enorme masa de bens afectados (subastouse a metade das terras cultivadas, un 20% da superficie de España), e ás diferentes posturas dos liberais, xa que os progresistas estaban a favor e os moderados paralizaron este tipo de medidas, pola súa alianza política coa Igrexa católica. Neste proceso diferéncianse as seguintes fases:

- 1835-36: Mendizabal, ministro de Facenda, acomete a coñecida como **Desamortización de Mendizabal**. De carácter eclesiástico, afecta ao clero regular. Os seus obxectivos eran:
  - Reformar o réxime de propiedade da terra, convertendo en posesión individuais e libres os bens inmobiliarios das comunidades relixiosas: o clero regular.
  - Obter recursos para o Estado no contexto da I Guerra Carlista.
  - Reducir a débeda pública para acometer posteriormente unha reforma tributaria.
  - Conseguir apoio social á causa liberal, á vez que se debilitaba economicamente ao maior enemigo do liberalismo: a Igrexa.
  
- En 1841 terá lugar a **Desamortización de Espartero**. Neste caso, o obxectivo será o clero secular: se declaran nacionais os seus bens e serán postos en venda. Un acordo co Vaticano (Concordato de 1851), fai que se paralicen as desamortizacións eclesiásticas. O goberno español

chega a un acordo con Roma: a igrexa acepta as desamortizacións de anos anteriores, a cambio de que España considere o catolicismo como relixión oficial e se comprometa a soste economicamente ao clero. Deste xeito, as políticas desamortizadoras a partir deste momento terán que ser de carácter civil.

- 1855: destacaré a **Lei xeral de desamortización de Pascual Madoz**, iniciouse así a desamortización civil, pola que se puñan en venda os bens do Estado e dos Concellos. Cos seus beneficios finánciase o incipiente ferrocarril. Foi a lei que produciu os maiores cambios polo volumen de terras, así como polas importantes consecuencias sociais, especialmente negativas para os campesinos máis pobres.

Dende un *punto de vista económico*, as desamortizacións poñen á venda aproximadamente o 20% do territorio español. Os principais compradores foron xentes que dispoñían de recursos económicos: a nobreza terratenente, campesiños ricos e burguesía comercial e administrativa, quen aumentan o seu patrimonio e o seu pretixio social.

As consecuencias que terá o proceso desamortizador serán:

- Como medida política foi un éxito: consolidouse a propiedade privada e o réxime liberal.
- Dende un *punto de vista socioeconómico*, hai dúas grandes interpretacións. Algúns historiadores din que foi unha oportunidade perdida para que campesiños pobres accederan á terra, favorecendo unicamente ao desenvolvemento do latifundismo (non se alteraron significativamente nin os sistemas de produción nin de cultivos, xa que a maioría dos novos propietarios non estaban interesados por realizar investimentos e modernizar as súas terras, senón que se limitaron a cobrar rendas aos campesiños). Outros historiadores non comparten esta idea, xa que os campesiños eran moi pobres e non terían capital para mercar as terras. Tamén se culpa á desamortización de ter contribuído ao atraso da industrialización pola desviación dos recursos financeiros cara á compra de terras, en lugar de investilos nas actividades industriais.
- As vítimas do proceso desamortizador do XIX foron a Igrexa, os municipios e campesiñado pobre, que viron empeorar a súas condicións de vida coa perda das terras e pastos comunais, así como polo endurecemento dos contratos de arrendamento e de traballo, o que explica a crecente conflictividade do campo español dende mediados do s. XIX ata a Guerra Civil de 1936. Se tratou dunha ocasión perdida para que os campesiños menos adifneirados accedesen á propiedade das

terras que traballaban. Así a distribución da propiedade rural non experimentou grandes cambios (minifundio no Norte e latifundio no Sur).

- Prodúcíronse tamén cuantiosas perdas no patrimonio artístico e cultural da Igrexa.

En Galicia este fenómeno tivo un carácter especial, debido a gran presenza da propiedade comunal da terra (montes comunais). A maioría das terra galegas explotábanse con contratos de arrendamento de longa duración, **os foros**, que recoñecían a existencia, sobre una mesma parcela de terra, de dereitos diferentes en mans de grupos distintos: os campesiños, que pagaban as rendas e non podían ser expulsados (posúen o dominio útil); a nobreza terratenente e a igrexa, eran os donos e titulares da terra (posúen o dominio eminente) e preceptores dunha parte das rendas. A fidalguía local exercía un papel de intermediaria e cobraba a maior parte das rendas. Ao mesmo tempo, a maioría dos montes comunais non eran propiedade dos concellos, senon da veciñanza das parroquias e aldeas.

Esta situación fixo que, da aplicación das políticas desamortizadoras, resultase que:

- O que se desamortiza fundamentalmente son os as rendas forais que percibía a Igrexa, e nunha mínima proporción, a propiedade da terra.
- Tivo escasa importancia a desamortización de propios, polo reducido patrimonio dos concellos galegos.
- Non se altera a organización agraria do Antigo Réxime, nin se estableceu a propiedade privada. Os compradores das rendas se convirten en rendeiros sen posibilidade de intervir no proceso de produción agraria, quedando estancada a explotación.
- Se manteñen os montes comunais en mans da veciñanza.
- Os campesiños conservan os dereitos sobre a terra. A finais do s. XIX, a perda de valor das rendas forais e a presión dos agricultores fixo que estes lograsen, mediante a redención dos foros, apropiarse da terra, proceso culminado en 1926 (Lei de redención de foros).

## 26- OS PRINCIPAIS SECTORES INDUSTRIAIS E O PAPEL DO FERROCARRIL.

*O século XIX foi fundamental para o proceso de modernización económica do noso país. Sen embargo, esa transformación foi lenta e dificultosa, debido á inestabilidade política, a escaseza de materias primas e de capitais, a falta de innovacións tecnolóxicas ou a mentalidade conservadora de empresarios e gobernantes.*

*Xunto a todo iso, hai que constatar que a modernización económica afectou **desigualmente** ás distintas rexións e zonas de España e tamén tivo unha incidencia desigual nos distintos sectores económicos.*

En España, a industrialización iníciase ao redor de 1830, pero o seu desenvolvemento ten unha serie de limitacións e peculiaridades:

- Escasas transformacións nos sistemas agrarios. Fronte a outros países máis avanzados, en España a falta de renovación técnica permitiu o mantemento dunha agricultura tradicional, con abundante man de obra, e con sistemas de produtividade baixos. Deste xeito a agricultura non puido ser o motor da modernización que proporcionara mercados, capitais e alimentos baratos ao resto dos sectores económicos, tal como sucedeu nos países europeos máis desenvolvidos
- Reducida capacidade de consumo no mercado interior. Os baixos ingresos campesinos e obreiros impide o aumento de produción industrial.
- Lentitude nos cambios legislativos de carácter económico. O capitalismo e o desenvolvemento industrial baséase na liberdade de mercado, na iniciativa individual e na propiedade privada (tres dos grandes preceptos do liberalismo económico). Para lograr estes obxectivos, eran necesarios cambios legais; en España estes cambios legais foron lentos, estiveron suxeitos aos vaivéns da revolución liberal, o que reflicte a debilidade da burguesía comercial e industrial.
- Despreocupación pola educación e as innovacións tecnolóxicas. As clases dominantes prestaron escasa atención á mellora da educación e da investigación, o que orixinou altas taxas de analfabetismo e unha forte dependencia de tecnoloxía estranxeira.
- Escasa mentalidade emprendedora e capitalista. Lembremos que en España non hai mentalidade capitalista: o capital (sexan terras, edificios, fábricas, materias primas, ...) é considerado polos grupos dominantes máis como un elemento de ostentación ou unha forma de vivir de rentas que como un instrumento para producir un beneficio contínuo e crecente en actividades productivas e industriais.
- Preferencia por investimentos inmobiliarios ou especuladores. Os capitalistas españois invirten en Bolsa, en terras, en propiedades,...

Serán os capitalistas estranxeiros os que asuman o papel da inversión industrial.

- Predominio das actividades industriais baseadas no sector primario e produción de bens de consumo. Non se desenvolve unha industria de base.
- Dependencia do exterior. Xa sexa en capitais, tecnoloxía ou equipamentos.
- Falta de competitividade dos produtos españois. Os produtos españois non poden competir nos mercados mundiais debido aos seus altos custos de produción (escaseza de materias primas, e fontes de enerxía, deficiente calidade das terras, dificultades das comunicacións, etc) e a falta de renovación e especialización.
- Protección arancelaria. Se quere protexer o produto nacional fronte a competencia exterior. Isto viola un dos preceptos principais do liberalismo económico (liberdade de mercado). Hai un gran debate entre os defensores do librecambismo e os defensores do proteccionismo.
- Forte desequilibrio rexional. Temos tres focos desenvolvidos (Asturias, Cataluña e Pais Vasco), fronte ao resto de zonas atrasadas.

Estas características confiren a industrialización de España un carácter singular. Hai historiadores que abertamente falan dun fracaso da revolución industrial en España, mentres que outros falan dun patrón latino de modernización. Para estes, España, Portugal e Italia terían unha industrialización lenta e tardía, que non despegará ata o século XX.

## Despegue industrial: distribución de la industria



O desenvolvemento industrial español presenta fortes desequilibrios. As grandes rexións industriais son:

- **Cataluña.** É a rexión máis desenvolvida, sendo pioneira na industrialización do sur de Europa. Destaca por riba de todas a **industria téxtil**. *En Cataluña xa existía unha vella tradición artesanal*. Nos anos 30 introdúcense as máquinas de vapor para mover teares. A partir dos 70, as industrias instálanse nas concas dos ríos con fin de aproveitar a enerxía hidráulica, dando lugar a núcleos urbanos que aportan man de obra. *O crecemento e fortalecemento da industria téxtil catalana explícase, por outra banda, polo seu predominio, case en exclusiva, do mercado interior español e do cubano (ata 1898). Deste xeito, as fábricas téxtiles máis importantes tenderon a concentrarse en Cataluña, especialmente arredor de Barcelona. Por último, hai que facer referencia a que este sector téxtil estivo fortemente defendido por altos aranceis, debido a que os propios industriais cataláns esixiron constantemente ó Goberno central unha política proteccionista para os seus produtos.* O desenvolvemento téxtil favorece a creación doutros sectores: metalurxia, química, papeleiras e editorial e as relacionadas coa transformación de produtos agrarios.
- **Andalucía e Levante.** Teñen en común un inicio temperá da industria no sector siderúrxico e textil que non tivo continuidade, polo que as súas economías se reorientaron ao sector agrario (aceite, vide cítricos). **Andalucía occidental foi a rexión pioneira na actividade siderúrxica** (*altos fornos para producir ferro para os toneis nos que se exportaban os viños andaluces*) pero co paso do tempo non puideron resistir a competencia das instalacións do norte e dos produtos extranxeiros. Tamén destacou a riqueza das industrias mineiras andaluzas (*pirita, chumbo, cobre*) pero na maioría dos casos foron explotadas por empresas de capital extranxeiro. En canto a Industrias téxtiles, creáronse empresas modernas que entran en decadencia a finais do século por falta de competitividade. A seda, de longa tradición no levante, pasou a concentrarse en Cataluña.
- **Asturias e País Vasco.** O sector clave é a **siderurxia**, vinculada ás explotacións mineiras. En **Asturias** a base do seu desenvolvemento foi a explotación masiva do carbón que posibilitou a construción de altos fornos e de factorías metalúrxicas, con capital estranxeiro. Sen embargo, a escasa calidade do carbón local, o seu alto prezo polas dificultades de extracción e a súa pouca competitividade fronte ó británico, fixeron que a siderurxia asturiana dependese dunha forte política **proteccionista** para posibilitar o seu crecemento (bastante artificial). No País Vasco, a industrialización xirou arredor da explotación do mineral de ferro, abundante e de boa calidade. A ría de **Bilbao** foi o maior foco siderúrxico español (concentraba as empresas máis potentes, como os

Altos Hornos de Vizcaya e producía máis do 50% do ferro nacional). Contou tamén cunha potente industria química e metalúrxica de transformación (máquinas, motores e asteleiros).



- **Galicia.** O panorama industrializador galego é pobre. Algúns sectores artesanais tradicionais (liño, curtidos, ferrerías) arruínanse pola competencia doutras zonas (o liño, materia téxtil da rexión non resistiu a competencia do algodón). Pero a salgadura de peixe, sector tamén tradicional, da lugar a unha importante **industria conserveira** dende finais do XIX, que xirará sobre todo ao redor da sardiña, e que arrastrou tras de si a outros sectores. O sector creceu e cobrou importancia na década de 1880 coa instalación das fábricas nas Rías Baixas (Barreras, Alonso, Curbera, Massó, Cerqueira, Alfageme). Tamén destaca a construción naval (asteleiros de Ferrol e Barreras e Santo Domingo en Vigo), e a produción de enerxía hidroeléctrica nos caudalosos ríos galegos a partir de 1900.

#### A FORMACIÓN DO MERCADO INTERIOR

A lexislación liberal aboliu os obstáculos legais contrarios á liberdade de circulación e producións de bens (supresión de aranceis interiores, unificación de pesos e medidas, liberdade de produción e venda...), e procurou a construción de mellores vías de comunicación para conseguir un mercado interior cada vez máis integrado. Neste sentido foi fundamental o papel desenvolvido polo **ferrocarril**, un medio barato e eficaz de transporte terrestre, que chegou relativamente tarde a España.

Os inicios do ferrocarril español remóntanse á década de 1840 (primeiras normas sobre a construción ferroviaria, como un ancho de vía superior ó resto de Europa), construíndose a partir de **1848** os primeiros e curtos tramos Barcelona-Mataró e Madrid-Aranjuez. Sen embargo, habería que esperar á **Lei Xeral de Ferrocarrís, aprobada polo Goberno progresista en 1855**, para atoparnos co principal impulso dun medio de transporte considerado como auténtico símbolo da modernidade e do progreso da Revolución Industrial. Esta Lei deseñou un trazado radial desde Madrid ata os puntos extremos da periferia para as liñas principais. Ademais, establecía que a construción e a explotación das liñas podía ser realizada polo goberno ou por compañías privadas. Para o seu financiamento o Estado español contou con tres fontes de recursos: subvencións oficiais, capitais privados (nacional e sobre todo francés) e emisións de accións das propias compañías ferroviarias. O Goberno español tamén facilitou a importación da maquinaria e doutros materiais imprescindibles para a construción do tren.

Nos primeiros anos a construción da rede foi moi rápida, nado numerosas compañías (que se irían concentrando posteriormente). Despois de 1868, e ata 1900 se completaría a rede ferroviaria.



O papel do ferrocarril no desenvolvemento económico español resulta bastante polémico: por unha banda, permitiu **comunicar** unhas zonas con outras, creando un **mercado interior e integrado** (potencia as comunicacións e o transporte de mercadorías); pero pola outra os resultados foron inferiores ós esperados e decepcionantes debido á mala política estatal que permitiu a importación de material ferroviario, perxudicando o desenvolvemento da siderurxia e da metalurxia nacionais.

## 27- O MOVEMENTO OBREIRO (SEXENIO DEMOCRÁTICO E RESTAURACIÓN).

As transformacións económicas capitalistas e industriais configuraron unha nova sociedade de clases constituída por dous grupos antagónicos: a burguesía e o proletariado.

A **burguesía** (comerciantes, industriais, financeiros, funcionarios, militares, profesionais liberáis, propietarios e arrendatarios de bens inmobiliarios) era o grupo ascendente que exercía o poder político e económico grazas á posesión dos medios de produción (capital, terras, fábricas..).


O **proletariado**, formado por traballadores procedentes do campo e dos talleres artesáns, dispoñen únicamente da súa forza de traballo que se ven obrigados a vender a cambio dun salario que escasamente serve para satisfacer a supervivencia.

Os intereses de ambas as dúas clases son antagónicos e incompatibles e conducirán ao enfrontamento: o interese da burguesía de obter os máximos

beneficios e a falta de regulamentación laboral, fixeron que os traballadores estivesen sometidos a duras condicións de traballo de longas xornadas, salarios ínfimos, explotación infantil, discriminación laboral das mulleres, etc. Aos poucos, o proletariado van ir tomando conciencia dos abusos da burguesía e van ir xurdindo movementos de protesta contra esta situación para conseguir melloras salariais e laboráis. Primeiro tratarán de conseguir melloras laborais por medio da acción sindical e a loita obreira. Posteriormente serán conscientes de que non poderán cambiar a situación desfavorable do proletariado se non se conseguían antes dereitos políticos. Así comezará unha loita política a través dos partidos políticos obreiros (fundamentalmente dende a Constitución de 1878) para tentar acceder ao poder, totalmente infrutuosa como consecuencia do sistema político fraudulento e caciquil da Restauración, e a debilidade do movemento por mor da escasa industrialización en España.

O conxunto destas actividades recibe o nome de *movemento obreiro* e presenta formas diferentes de actuación e organización seguindo os modelos das principais ideoloxías inspiradoras das organizacións obreira: anarquismo e socialismo marxista.

As primeiras protestas obreiras sitúanse nas décadas de 1820 e 1830, e foron de natureza violenta. A clase traballadora reaccionou ante a perda dos traballos e o empeoramento das condicións de traballo, coa destrución das máquinas e das fábricas, ás que consideraban causantes da súa desgraza. Estas accións denominadas **luditas** (en lembranza de Nedd Ludd, obreiro téxtil inglés pioneiro na destrución de máquinas) iniciáronse en Levante e Cataluña e continuaron un tempo como actos esporádicos, de escasa planificación e duramente reprimidos polas autoridades. Estas accións resultaban inútiles para mellorar a situación dos traballadores.



O seguinte paso será o **asociacionismo**, mediante o cal os obreiros montarán asociacións para a defensa dos seus intereses fronte aos patróns. Naceron así as sociedades de resistencia ou de **socorro mutuo** e os **sindicatos** por oficios, que ademáis de loitar por mellorar as condicións laboráis, formaban caixas de resistencia e cooperativas de axuda fronte a una enfermidade, un despedido ou una morte. Os gobernos moderados e conservadores prohibían este tipo de asociacións, mentres que os progresistas eran máis tolerantes e os demócratas eran partidarios da súa legalización. Moitas sobrevivían na clandestinidade ata que foron recoñecidas definitivamente en 1887.

En 1868 e ao inicio do Sexenio Democrático, as chamadas ideoloxías ou filosofías obreiras tiveron máis facilidades para penetrar no noso país. En 1864, fundárase en Londres a **I Asociación Internacional de Traballadores (AIT)**, na que estaban presentes as dúas grandes ideoloxías obreiras, o **anarquismo** e o socialismo científico ou **marxismo**. Estas dúas ideoloxías competiron polo control do movemento obreiro. As diferenzas non eran só ideolóxicas, senón tamén sobre a estratexia revolucionaria a desenvolver, o que orixinou fortes tensións entre elas. Tanto os anarquistas como os marxistas, utilizaron **as folgas** ao longo deste período histórico para conseguir dos patróns ou do Estado as melloras dos problemas que lles afectaban.

**O Anarquismo** foi introducido a partir de 1868 en España por Giuseppe Fanelli, amigo e discípulo de Bakinun. Tivo una grande influencia no movemento obreiro español, especialmente en Cataluña, Levante e Andalucía. O seu obxectivo básico era a transformación revolucionaria da sociedade capitalista mediante a destrución do Estado, eliminando calquer tipo de autoridade e suprimindo a propiedade privada. A nova sociedade anarquista debía organizarse en comunas autónomas, gobernadas en réximen de autoxestión, onde a autoridade fose substituída por acordos libres e pactos solidarios. Estas transformación deberán levalas a cabo os propios traballadores, especialmente os máis desfavorecidos do proletariado agrario. Froito das actividades do grupo bakunista, en 1870 celebrouse en Barcelona o primeiro Congreso Obreiro e creouse a Federación Rexional Española (FRE), adscrita á AIT. Durante o Sexenio, a FRE suscitou un forte temor entre os empresarios e os gobernantes debido a sucesos violentos como os de Alcoi en 1873 o que propiciou a súa prohibición aínda que seguiu actuando na clandestinidade ata a súa disolución en 1881.

Os anarquistas non presenta unha fronte común, senón que hai diferentes organizacións, dependendo das tácticas que utilicen:

- Os partidarios de centrar as súas actuacións no terreo sindical. Destacan dúas organizacións. En primeiro lugar a **CNT** (Confederación Nacional do Traballo), que xurde en Barcelona, trala Semana Tráxica, en 1910. Chega a ser a principal asociación sindical de España nas primeiras décadas do XX . O apoio social máis extenso estivo entre o campesinado andaluz e o proletariado industrial do levante. Na ditadura de Primo de Rivera, a CNT será clausurada, aínda que actúe na clandestinidade. Algúns líderes máis radicais fundarán en 1927 a **FAI** (Federación Anarquista Ibérica).



- Os partidarios de centrar as súas actuación na acción directa. Atentarán contra intereses ou personaxes da clase dominante, co obxectivo de tratar de derrubar a orde establecida. Tratarán de asasinar a monarcas (Alfonso XII e XIII), asasinarán a presidentes de goberno (Cánovas, Canalejas, Dato) ou a militares, bispos, terratenentes,

O **Marxismo**. O sobriño de Marx, Lafargue, introduce o marxismo en España na década dos 70. Os obxectivos deste movemento é chegar a unha sociedade socialista transformando a capitalista. O motor de cambio será o proletariado, a través dos sindicatos e partidos obreiros. Os traballadores organizados deberán conquistar o poder e utilizar ao Estado como instrumento de nivelación social. Unha vez chegados ao poder, o proletariado debe impoñer medidas de forza: expropiación da propiedade privada e dos medios financeiros e de produción, que deberán pasar ao Estado (ditadura do proletariado). Unha vez logrado este primeiro paso, todos os individuos deberán ter iguais condicións de vida na nova sociedade socialista.

En España terá un papel fundamental Pablo Iglesias, alma do socialismo marxista español e impulsor do partido político e do sindicato socialista:

- Partido Socialista Obrero Español (**PSOE**, fundado en 1879 por Iglesias).
- Unión Xeral de Traballadores (**UXT**, sindicato socialista creado en 1888).

As zonas de maior implantación inicial foron Madrid, País Vasco e Asturias e, posteriormente, Cataluña e o campo andaluz. Ambas organizaciónns contribuíron en París á fundación da **II Internacional** en 1889 en París. Entre os seus acordos estaban a conquista do poder político polos traballadores, a declaración do Primeiro de Maio como día da clase obreira e a loita pola xornada de 8 horas.

A finais de século o PSOE presentou candidatos ás eleccións municipais sendo escollido Pablo Iglesias como o primeiro deputado obreiro en 1910.




A raíz do triunfo da revolución soviética en 1917 e a fundación por Lenin da **III Internacional Comunista**, produciuse un intenso debate entre os socialistas de todo o mundo, sobre a conveniencia de seguir ou non o modelo soviético. Este debate provocou en España a escisión dunha parte do socialismo que fundaron en 1921 o Partido Comunista de España **PCE**.

## **GALICIA**

Lembremos que en Galicia non existíu unha verdadeira reforma agraria, e que as desamortizacións só serviron para desamortizar os dereitos de percibir as rendas. Dende principios do XX xurden as protestas entre o campesiñado galego co fin de conseguir a redención dos seus contratos e acceder á propiedade da terra. Xurde unha ampla mobilización social agraria que se coñece como agrarismo galego, e que se concreta na aparición de diferentes asociacións antiforais e na realización de accións de protesta.

O ano clave vai a ser 1907; nesta data xurden tres organizacións con ideoloxías diferentes pero que tratan de coordinar e mobilizar aos labregos:

- Directorio Antiforal de Teis, de ideoloxía liberal.
- A Unión Campesiña, de ideoloxía anarquista.
- Solidaridade Galega, alianza de rexionalistas, tradicionalistas e republicanos. Con eles fúndanse numerosas sociedades agrarias, e tratan de involucrar ao campesiñado para a participación electoral.



En 1910 xurde a **Acción Galega** de **Basilio Álvarez**, que se convertirá na forza maioritaria entre o campesiñado galego. No seu programa apóstase pola redención de foros, a propiedade da terra para o campesiñado, a eliminación do caciquismo, e a implementación de mellorías técnicas no campo galego.

En 1926, na ditadura de Primo de Rivera, apróbase a redención dos foros mediante indemnización. Esta medida supón a eliminación do sistema foral en Galicia, e que o campesiñado con recursos poida acceder ás terras. Estes cartos chegarán da emigración ou da venda do gando vacún. De todos xeitos, non será ata 1963 cando se eliminen definitivamente os foros do Código de Dereito Civil galego.

## 28. A EVOLUCIÓN DA SOCIEDADE NO SÉCULO XIX (CON ESPECIAL ATENCIÓN Á SITUACIÓN DA MULLER).

As revolucións liberais provocaron profundas transformacións na estrutura social herdada do Antigo Réxime. A sociedade española fixo o tránsito dunha de tipo estamental, típica do Antigo Réxime, a outra baseada na igualdade xurídica, no mérito e na riqueza, o que se denomina a **sociedade de clases**, impulsada polos cambios políticos e xurídicos propiciados pola burguesía. Non cabe dúbida de que o s. XIX é o século do **ascenso da burguesía**, grupo social que acadará a hexemonía social e que imporá o liberalismo como novo sistema. Porén esta **transición foi lenta** polas dificultades existentes á hora de implantar un Estado de tipo liberal.



**A nivel demográfico**, España seguiu ancorada nun comportamento propio dun **réxime demográfico antigo**, con altas taxas de natalidade e mortalidade, con episodios de **sobremortalidade** polas malas colleitas (cada decenio hai unha), epidemias (especialmente do cólera) ou guerras que converten o crecemento natural en negativo e fan retroceder a cantidade de poboación. **España, ao longo do século XIX, pasa duns 10 a uns 19 millóns de habitantes o que demostra que é un crecemento lento.** A caída das taxas de mortalidade, especialmente a mortalidade infantil, non vai experimentarse en España ata o comezo do s. XX.

**A poboación concéntrase na periferia** polo seu maior dinamismo económico e, **a partir de mediados de século**, comeza unha tendencia de **migración do campo á cidade**, vencellado ao proceso industrializador, que fai medrar a poboación urbana, **se ben, a maioría da poboación segue a residir no campo.** Barcelona, polo seu dinamismo industrial, atrae a moitos migrantes. En calquera caso, falamos de cidades pequenas que medran ao calor dos servizos administrativos, educativos ou militares. Madrid, a capital do Estado, ten menos de medio millón de habitantes.

**A nivel social**, e debido ao desenvolvemento do Estado liberal, onde todos os cidadáns son iguais ante a lei, a **nobreza** perde os dereitos señoriais (privilexios fiscais e xudiciais) pero se adapta a nova situación xa que conserva a titularidade do seu patrimonio, converténdose en grandes propietarios (como o caso da fidalguía rendista predominante en Galicia). Con todo a **antiga nobreza segue mantendo o seu prestixio** social. Agora son moitas as familias nobres que entroncan con familias burguesas para poder manter os seus patrimonios. A burguesía dos negocios fortalécese e busca a posesión das terras desamortizadas para imitar á nobreza e, a través da vía matrimonial, mesmo ingresar nunha liñaxe nobiliar. **A revolución liberal e o proceso desamortizador selan unha alianza entre a antiga aristocracia e a burguesía.**

O **clero**, sen embargo, sufriu máis cos cambios. **Perden patrimonio coas desamortizacións e tamén os seus privilexios** e decrece en número. Adáptasen pregándose a posturas moi conservadoras e tradicionalistas (carlismo); e tratan de manter a súa influencia nunha sociedade que era eminentemente católica firmando o Concordato de 1851 onde consegue o **monopolio do ensino e da censura**, así como unha forte financiación por parte do Estado. Peor o pasaría durante o Sexenio Democrático, coa liberdade de cultos, feito que explica a súa labor en prol da súa caída e a alianza co sistema fraudulento da Restauración borbónica.

No eido dos antigos nos privilexiados, os **campesiños** seguían a ser os máis numerosos, ata ben entrado o s. XX, debido a débil industrialización española. A servidume se extingue co liberalismo convertendo ao campesiño en traballador agrícola, pero a súa situación variará moito dependendo do réxime de propiedade da terra. No caso do latifundismo, na metade sur de España, e agudizado polas desamortizacións, especialmente a de Madoz que deixa sen terras comunais aos campesiños para poder ter gando ou obter recursos delas, os campesiños convértense en xornaleiros. A situación deste proletariado agrícola é terrible, condenados a traballar de xeito estacional. A súa situación de miseria foi especialmente dura, por iso e polo que optan en moitos casos por vencellarse ao anarquismo como vía revolucionaria para reverter a súa situación de pobreza extrema. No caso de Cataluña ou de Galicia, coa *rabassa morta* e o sistema foral, o campesiñado aínda que non posuía a propiedade da terra tiña certos dereitos sobre ela facendo que a situación fora algo mellor que nos latifundios. En este contexto, da necesidade de acadar a propiedade das súas terras, nacen movementos como o **agrarismo** en Galicia. A estrutura deste tipo de campesiñado é máis conservadora, feito que se agudizará cando se consiga a redención dos foros e pasen a ser propietarios.



**Pero os protagonistas desta época, as clases antagónicas, serán sen dúbida a burguesía e o proletariado.** A **burguesía**, motor das revolucións liberais, estaba integrada principalmente por comerciantes, financeiros, industriais, profesionais liberais e clases propietarias en xeral. En España, nun principio non era moi numerosa o cal a levou a ter un espírito pouco emprendedor tendente a imitar as formas de vida da nobreza salvo en casos entre os que destacan a burguesía catalá e vasca, tremendamente activa no desenvolvemento industrial e financeiro.

Pero debemos distinguir dous grupos: a alta burguesía, o que xunto coa nobreza rica conformaban o que denominamos a **oligarquía**, que detentou o poder político e social principalmente, con poucas ganas de compartilo; e as clases medias, que medraban xunto co desenvolvemento urbano. Moitas veces excluídas do sistema político oligárquico, estes grupos tiveron unha tendencia a introducir reformas progresistas que actuaron como oposición dos réximes oligárquicos en diferentes momentos da historia de España.



O **proletariado** pola súa banda, escaso nun principio e organizado no denominado movemento obreiro, tivo dous grandes momentos: un primeiro no que as súas reivindicacións pola situación na que o deixaba o desenvolvemento capitalista de ausencia de dereitos e miseria, optaba por reivindicacións reformistas; e unha segunda fase na que dá o salto a reclamacións de tipo revolucionario. A relación entre as clases medias e o proletariado é ambivalente: as veces aliándose en contra da opresión da oligarquía e outra aliándose con esta oligarquía para frear as reivindicacións revolucionarias do movemento obreiro.

**Por debaixo destes colectivos están os pobres e os marxinados.** O labor asistencial estaría en mans dos Concellos e Deputacións que crean asilos, hospicios e hospitais para os dementes ao que se une a acción caritativa do clero.



**Os espazos de sociabilidade eran moi variados:** as parolas tiñan lugar nos domicilios das clases altas ou nos **cafés**, mentres que as clases baixas tiñan ese espazo de sociabilidade nas **tabernas ou nos lavadoiros e as fontes**. Outros espazos eran **os parques e alamedas** (lugares de encontro e escaparate social) onde o paseo estaba segregado por clases sociais. **Os balnearios e hoteis de veraneo** na costa eran lugares para os círculos máis exclusivos. Os espectáculos taurinos e lúdico deportivos (boxeo, esgrima, xogo da pelota...) acadaron unha grande popularidade. Proliferan os **teatros** onde a maiores das pezas teatrais aparecen representacións de ópera e zarzuela. A un nivel de sociabilidade máis formal é a época na que se fundan os **casinos e as sociedades artístico- recreativas** (círculos e ateneos).



### A situación da muller no s. XIX

Mención aparte merece o papel da muller, sen apenas transformacións substantivas na súa situación herdada da modernidade. Seguía tendo un papel fundamental pero que a sociedade, que seguía a ser patriarcal, relegaba a un segundo plano. Cargaban co peso da educación familiar e das economías domésticas pero as oportunidades e os dereitos das mulleres estaban moi limitados sendo consideradas inferiores aos homes, estando sometidas á autoridade dos pais ou dos maridos. **O seu rol social básico era o do ámbito doméstico (crianza dos fillos e mantemento do fogar)** ou de coidadoras, fundamental para que outras actividades reservadas aos homes puideran desenvolverse. Incluso as transformacións liberais non remataron con esa discriminación que era en varios eidos: pola súa condición de muller **era considerada biolóxicamente inferior aos homes**; unha **discriminación xurídica nos Código penal, Civil e de Comercio** estando totalmente **sometida á autoridade do home**, non tendo autonomía nas accións legais e comerciais; **unha discriminación política** xa que nunca tivo dereito a voto (ata a II República) e teremos que esperar ata 1918 para ter a primeira asociación feminista en España (Asociación Nacional de mulleres Españolas); unha clara **discriminación laboral** xa que os salarios oscilaban entre un 30 e un 60 por cento menos cos dos homes e as súas xornadas eran frecuentemente máis longas. Iso no caso das mulleres proletarias xa que a



incorporación da muller a outros tipos de traballos (de oficina ou mestras) foi moi lenta e de modo parcial.

**A capacidade de acceso ao ensino da muller era moi limitada**, máis nas clases altas e nas clases medias e nula nas clases baixas. Entendida esta como clave para a mellora da situación da muller, centrou moitos dos **discursos a prol dos seus dereitos** no século XIX, onde destacan as figuras de **Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal**. A ***Institución Libre de Enseñanza***, inspirada no krausismo tamén se sumou a esta iniciativa de expandir o ensino entre as mulleres, creando en 1874 a *Asociación por la Enseñanza de la Mujer*. Pero como dixemos antes, teremos que agardar ata o s. XX para ver ao feminismo coller músculo e conseguir as súas primeiras reivindicacións. Non esquezamos que moitos dos movementos que reclamaban os dereitos da muller tamén proviñan do movemento obreiro. **Os sectores tradicionais opuxéronse na súa maioría a calquera cambio a favor dos dereitos da muller.**

A modo de conclusión podemos afirmar que se ben é certo que a igualdade xurídica introducida polo liberalismo e a burguesía, protagonista do s. XIX, é clave para conseguir maiores cotas de igualdade, a desigualdade económica seguía sendo moi forte, e para que a igualdade xurídica alcanzase á muller teremos que superar o s. XIX e adentrarnos no XX e XXI nunha loita que aínda continúa.